

infraestruturas

Abren para o público en xeral os aparcadoiros dos institutos do centro. **Páx. 6**

economía

O Concello impulsa unha nova ordenanza para a rehabilitación de inmobles no centro. **Páx. 8**

sociedade

Acordo entre Xunta e Goberno local para que o colexio Fingoi 2 teña comedor. **Páx. 14**

zona rural

O departamento de Cultura investiu 21.000 euros nas festas das parroquias. **Páx. 17**

cultura

O Caudal Fest xa ten o horario dos concertos para a súa cita de setembro. **Páx. 22**

A cidade reivindica o seu pasado romano



Lugo prepárase para o San Froilán

Adjudican os postos do polbo, encargan o cartel das festas e completan a lista de concertos. **Páx. 19**

Recoñecemento histórico ao Vello Cárcere

A dotación aspira a ser distinguido como Lugar de Memoria Democrática polo Estado. **Páx. 18**

25 anos de Raiolas



Traballan desde o ano 2000 na mellora da calidade das persoas. **Páx. 12**

Mundo máxico



Entrevista ao artista de Portomarín Marcos Waldemar. **Páx. 25**

Fútbol Sala



O Abella FC, que xorde no 2018, pon en valor 'Un niño, un balón'. **Páx. 31**

A historia das bandas de música galegas

Desempeñan un papel fundamental na difusión da cultura e na unión de xeracións. **Páx. 20-21**

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA

www.ocioengalicia.com

A importancia dos centros expositivos que dan a coñecer o pasado romano

Jessica Fernández

A arqueoloxía desempeñou ao longo da historia un papel esencial na comprensión da humanidade. A través do estudo de restos materiais, estruturas e obxectos, reconstrúense civilizacións, costumes e formas de vida. En cidades cun pasado tan rico como Lugo, a arqueoloxía convértese nun vínculo tanxible entre o presente e un legado milenario que segue vixente. Enrique Fernández é arqueólogo do Concello de Lugo dende o ano 1986, cando comezou a traballar na cidade participando nas escavacións dos aparcadoiros subterráneos baixo a dirección do profesor Antonio Rodríguez Colmenero. Actualmente, exerce como arqueólogo do Servizo Municipal de Arqueoloxía, cunha traxectoria vencellada á investigación e posta en valor da cidade romana de Lucus Augusti. Colaborador en diferentes publicacións, cursos, simposios e congresos, foi tamén membro do equipo redactor da Memoria que permitiu a declaración da Muralla Romana de Lugo como Patrimonio Mundial no ano 2000. O estudo e preservación da Muralla permitiu á cidade abrir un diálogo cos seus habitantes e visitantes a través do Centro de Interpretación da Muralla, situado na praza do Campo. A planta baixa acolle a zona de recepción do visitante e a Oficina Municipal de Turismo, mentres que nas plantas superiores desprégase un percorrido que revela os segredos construtivos da Muralla, a súa historia e as súas múltiples funcións ao longo dos séculos. O centro permite comprender non só a dimensión arquitectónica senón tamén a relevancia da Muralla na vida cotiá dos antigos lucenses. Para o arqueólogo municipal de Lugo, os centros expositivos que conservan restos arqueolóxicos in situ “amosan estes elementos de forma divulgativa, con restos ben musealizados, e acompañados de



información que permite coñecer como eran e como se vivía na cidade. O valor destes restos radica en que nos permiten entender mellor a cidade romana; ter restos arqueolóxicos permite unha comprensión máis directa e fonda. Ademais, constitúen un recurso cultural e turístico de gran relevancia para Lugo. Estes elementos engaden un valor á cidade tanto como recurso turístico como cultural, porque permiten á cidadanía e aos visitantes entender que, máis alá da imponente muralla, existía unha cidade viva, cuxos restos permiten observar como era a vida urbana na época romana, o tipo de construcións que se realizaban e como vivían os seus habitantes”. Porén, recoñece que a cidade “tivo a sorte de atopar restos que foi posible conservar, porque non sempre é factible debido ás características dos vestixios, á súa localización ou ao seu estado de conservación. Por exemplo, no Domus Mitreo atopáronse restos en moi bo estado porque estaban cubertos por un recheo de máis de seis ou sete metros xunto á muralla, o que permitiu a súa conservación. En cambio, en Santo

Domingo, os restos están moi superficiais, a medio metro ou un metro, o que fai inviable a súa conservación a longo prazo”, comenta.

OUTROS CENTROS

Como comentaba Enrique Fernández, o Museo Universitario A Domus do Mitreo, que xorde a raíz das escavacións arqueolóxicas realizadas durante a construción da sede do Vicerrectorado do Campus de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela no antigo Pazo de Montenegro en 1998, revelou a presenza de restos romanos que obrigaron a replanificar os traballos e levar a cabo diversas campañas entre os anos 2000 e 2007. A escavación abarcou unha superficie de uns 600 metros cadrados e permitiu recuperar parte dunha domus romana e dun Mitreo privado, ademais de coñecer a base da Muralla Romana ata os seus cimentos. Un dos aspectos máis singulares deste museo é que ofrece a única visión en Lugo da Muralla Romana ata os seus cimentos, grazas a unha escavación que profundou sete metros por baixo do nivel actual da

cidade. Isto permitiu estudar a súa estrutura e métodos construtivos. Outro referente destacado é a Sala de Exposicións Porta Miñá, situada nun antigo matadoiro rehabilitado fronte á porta que lle dá nome ao espazo. Esta sala alberga unha exposición permanente dedicada ao Lugo romano, organizada en catro bloques que percorren as súas orixes, o seu esplendor, a fortificación da cidade e o seu declive. Grazas a un uso estratéxico de elementos gráficos e unha ampla colección de obxectos cotiáns, os visitantes poden mergullarse na vida da cidade entre o século I a.C. e finais do século V d.C., comprendendo tanto a organización urbana como as prácticas sociais, comerciais e culturais dos seus habitantes. O Centro Arqueolóxico San Roque constitúe outro punto clave para entender o desenvolvemento de Lugo durante a época romana. Situado a escasos metros da Muralla e xunto ao trazado do Camiño Primitivo a Santiago, este conxunto integra os restos dun cemiterio romano, un estanque cultural e un forno cerámico tardío. As tumbas conservadas mostran prácticas funerarias de incineración e in-

humación ao longo de cinco séculos, mentres que o estanque de opus caementicium e o forno atestiguan tanto a dimensión relixiosa como industrial da zona. A Casa dos Mosaicos, coñecida como Domus Oceani, ofrece unha visión da vida da elite romana en Lugo. Descuberta en 1842 grazas ao seu célebre mosaico coa cabeza do deus Oceanos, a domus data de finais do século III ou principios do IV d.C. Os seus espazos, que inclúen un gran oecus, un triclinium con sistema de calefacción hypocaustum, un patio interior e diversas estancias menores, amosan un elevado nivel de sofisticación arquitectónica e decorativa. Os mosaicos e vestixios de pintura mural permiten apreciar a riqueza artística da cidade e a importancia das residencias señoriais na configuración urbana e social de Lucus Augusti. O Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) representa a aposta contemporánea por achegar a arqueoloxía e a historia á cidadanía. O MIHL fusiona arquitectura e paisaxe nun concepto de museo-parque que integra recursos audiovisuais, maquetas interactivas e paneis informativos. Entre as súas pezas atópase un monólito granítico coa inscrición fundacional da cidade, erixido por Paulo Fabio Máximo en honra ao emperador Augusto, así como unha máscara teatral de terracota e un conxunto de obxectos epigráficos e cerámicos.

O TRABALLO

Por outra banda, para levar a cabo unha actuación de tipo arqueolóxico en Lugo, o departamento de Arqueoloxía do Concello de Lugo é o encargado de determinar se é necesaria e de que tipo a través dos informes. “Que haxa ou non unha intervención arqueolóxica nunha obra está regulado pola normativa urbanística”, explica. No ámbito do PEPRI, Plan Especial de Protección, Rehabilitación e Reforma Interior do Recinto Amurallado de Lugo e a súa Zona de Influencia; “calquera obra suxeita a licenza que implique movementos de terra require a realización dunha intervención arqueolóxica”. Así, con-

●

UNIVERSIDAD Grado en:

ROBÓTICA
Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

BIOQUÍMICA
Matemáticas
Física
Química general e inorgánica
Química - Física I
Bioestadística

ENX. AGRÍCOLA
ENX. FORESTAL
Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND.
Matemáticas I y II
Física I y II
Métodos Estadísticos

ENXEÑARÍA CIVIL
Matemáticas I, II y III
Estadística
Física I y II

PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA

PAU (Antigua selectividad)
BAC - E.S.O.
ACCESO CICLOS

Matemáticas - Física
Química - Lengua - Gallego
Inglés - Latín - Griego
Historia - Filosofía
Biología - Geología
Geografía
Historia del Arte

j.m.rivas
ACADEMIA

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS
ATENCIÓN PERSONALIZADA
GRUPOS REDUCIDOS
Preparación específica para subir nota en ABAU

C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22

jmrivas.es

creta, dentro do PEPRI, “todo o que se atope dentro da muralla, así como na súa zona de influencia, obriga por defecto a realizar unha intervención arqueolóxica. É necesario, por tanto, aclarar o tipo de intervención e elaborar un informe detallando todo o que se atopa no terreo, e iso está sometido á valoración de Patrimonio da Xunta, que é a autoridade que autoriza e permite, en última instancia, a continuidade das obras. Neste procedemento, actuamos como intermediarios entre o promotor e a Xunta, que é a que autoriza, e a licenza municipal queda condicionada a esa autorización. O promotor é o responsable de asumir o proxecto arqueolóxico, contratando un arqueólogo que redacta e executa o



proxecto, e emite o informe. A partir deste, podemos dar continuidade ás obras e, unha vez autorizado por Patrimonio, emítese a licenza para

executar o proxecto. En definitiva, no caso do Recinto Amurallado, calquera intervención sempre require unha actuación arqueolóxica”, comenta.

Pero o traballo do arqueólogo municipal non remata aí, tamén se desenvolve un importante traballo de divulgación, orientado a dar a coñecer o patrimonio arqueolóxico e a concienciar á cidadanía sobre o seu valor como recurso cultural, non só turístico. “Para iso, editamos publicacións do Concello, elaboramos libros de divulgación de carácter arqueolóxico e organizamos actividades, como exposicións ou folletos informativos”. Así mesmo, existe un labor investigador ligado tanto ao interese propio do arqueólogo como á necesidade de ampliar o coñecemento do Lugo romano. “Trátase de afondar no que nos achegan as escavacións arqueolóxicas e na información que proporcionan sobre o tipo

de construcións, a súa localización e a configuración da cidade romana en conxunto. Este traballo de carácter científico dáse a coñecer en congresos, simposios ou publicacións, mais tamén resulta útil no día a día, pois permite avaliar a potencialidade arqueolóxica dun lugar antes de autorizar unha intervención. Deste xeito, coñecer a localización dos principais elementos da cidade, como o foro, os barrios artesanais, as necrópoles ou as zonas residenciais é esencial para reconstruír a cidade romana”, destaca. Ademais, o departamento participou en proxectos europeos, como foron o proxecto Muralla Dixital ou o proxecto Vías Atlánticas, centrados en ámbitos específicos de investigación e posta en valor.

“A premisa é preservar os restos arqueolóxicos”

Con respecto ás obras e os atrasos, volvemos a mirada cara ás polémicas obras de peonalización do casco histórico de Lugo e preguntámoslle ao arqueólogo municipal, Enrique Fernández, sobre como influíron as escavacións arqueolóxicas no seu desenvolvemento; ao que o profesional contesta que “a empresa que executou estes traballos contratou un equipo arqueolóxico para facer un seguimento constante, dado que se trata dunha zona de potencialidade arqueolóxica, co obxectivo de controlar e supervisar que non se producira ningún dano de carácter arqueolóxico. Sempre que aparecía algún resto, procedíase a documentalo e intentar protexelo. Por tanto, realizouse un traballo previo de información valorativa para determinar que se pode atopar na zona. Contamos con suficientes datos para estimar máis ou menos as áreas nas que poden aparecer restos, aínda que, loxicamente, sempre hai elementos inesperados. Neste caso, ao ser necesaria a apertura de toda a rúa, é normal que nalgún punto onde non se alterou o subsolo permanezan restos arqueolóxicos. Esta é a función

do arqueólogo encargado da supervisión: documentar os achados para evitar que se produzan retrasos posteriores. O resultado depende do traballo que realice o arqueólogo contratado pola empresa e da coordinación que manteña con esta”. Así, di que o labor desde o departamento de Arqueoloxía do Concello é “comprobar que os proxectos se están executando tal como foron aprobados e autorizados, evitando calquera tipo de dano, asegurando que o proceso arqueolóxico se documenta correctamente e que se realiza de forma adecuada. Cando se detecta un achado de gran importancia, cómpre analizar alternativas porque sempre hai que preservar os restos arqueolóxicos. Se non existe compatibilidade entre o resto arqueolóxico e a instalación prevista, porque non hai espazo para sitala, é necesario solicitar autorización a Patrimonio para, unha vez valorados os restos, proceder á súa desmontaxe e así poder continuar coa instalación. Este proceso xera en ocasións demoras, xa que require realizar a intervención, elaborar informes e agardar a autorización de Patrimonio. Porén, a



premisas sempre é buscar solucións alternativas para evitar a destrución dos restos, preservalos e minimizar os retrasos na obra”.

Con todo, Enrique Fernández valora moi positivamente o traballo feito nestes case 40 anos desde que comezaron as escavacións de forma sistemática. “Eu comecei no ano 1986, a raíz da famosa polémica dos aparcadoiros subterráneos e, nese momento, a arqueoloxía comezou a normativizarse na cidade. Desde entón, fíxose un grande avance, aínda que o ritmo depende en gran medida da evolu-

ción das obras, xa que as escavacións están vinculadas ás intervencións urbanísticas e non sempre existen proxectos propios para investigar. Aínda así, temos unha idea bastante clara da planimetría da cidade, diferenciando a cidade do século I, do século II, do século III ou do século IV, cando se construíu a muralla. Esta modificación foi substancial, xa que a muralla, feita tres séculos despois da fundación da cidade, cambiou de xeito significativo a súa estrutura. Coñecemos algúns elementos importantes do que era unha cidade romana, que segue un patrón: rúas cadradas, foros, espazos funerarios sempre nas aforas, zonas artesanais e barrios extramuros. Pero cada cidade ten as súas particularidades. En Lugo sabemos onde estaba o foro, na actual Praza Maior, así como o espazo de Acuña, que era a casa do concello, os templos e a catedral. Tamén coñecemos como eran as rúas, os sistemas de abastecemento e saneamento, a canalización das augas residuais, o tipo de industria que había, a localización dos cemiterios, algunhas das mansións máis importantes, as domus, pero seguramente

existían moitas máis; e a aparición do Mitreo, que foi unha gran sorpresa, xa que este elemento non está presente por defecto en todas as cidades”. Porén, sostén, “aínda queda moito por coñecer”, polo que o obxectivo principal é seguir “recuperando a información para trasladala a un plano sobre o que se vai reconstruíndo a xeometría da cidade, como un quebra cabezas no que se van colocando pezas que poden ir cambiando a concepción da cidade a medida que se coñece máis. Lugo, se algo ten que ofrecer, é o seu rico patrimonio histórico, e quedan aínda cousas por facer, como o Museo da Romanización de Lugo, que resulta fundamental para poder ordenar e poñer en valor toda a información arqueolóxica dispoñible. Este proxecto debe ser unha iniciativa de cidade, valorada positivamente por todos, que actúe como contedor de elementos arqueolóxicos para divulgálos e dalos a coñecer, pero tamén como recurso turístico e como forma de canalizar e coordinar toda a investigación e os traballos arqueolóxicos que se realizan”, conclúe.



*Clinica dental
Mosquera Otero*






- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL
- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGIA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

O Goberno urxe á Xunta os fondos do Museo da Romanización

O Goberno local de Lugo reclama á Xunta de Galicia que dea o paso definitivo para executar os 500.000 euros previstos nos orzamentos autonómicos deste exercicio destinados á recuperación do cuartel de San Fernando, co obxectivo de converter este emblemático edificio no futuro Museo da Romanización de Galicia.

Este proxecto é considerado clave para poñer en valor o legado romano da cidade e consolidar Lugo como capital cultural e patrimonial de Galicia.

A tenente de alcaldesa, Ana González Abelleira, criticou a falta de avances e lembrou que o compromiso da Xunta leva máis dunha década sen materializarse. “Falamos dun proxecto estratéxico, tanto para Lugo como para Galicia, que continúa esquecido pola falta de vontade política do Goberno galego. Os fondos existen, pero seguimos sen ver un só paso adiante e non hai a comunicación necesaria para que o proxecto avance”, subliñou.

O Concello lembrou que Lugo conta con máis de 15.000 pezas arqueolóxicas dos períodos altoimperial e baixoimperial, recuperadas nas escavacións realizadas desde os anos noventa, que permanecen almacenadas sen poder ser divulgadas nin aproveitadas debido á inacción da Xunta, única administración competente nesta materia. “Non é lóxico nin xusto que a capital da romanización galega non dispoña dun museo para mostrar esta riqueza patrimonial incomparable”, destacou a edil.

González Abelleira tamén sinalou o agravio comparativo con outros proxectos do país: “O Executivo de Rueda investirá máis de 17 millóns no Pazo de Lourizán, en Pontevedra, mentres en Lugo seguimos agardando a que se execute un investimento xa orzamentado e claramente insuficiente, que só representa o 2,9% do orzamento do pazo pontevedrés. Isto amosa a discriminación que sofren os lucenses”.

Aproban a construción da rotonda entre Ronda de Fingoi e Alfonso X

O Concello de Lugo vén de dar luz verde a tres intervencións clave para mellorar a mobilidade, a seguridade e a integración urbana. A Xunta de Goberno aprobou hoxe a adxudicación da obra para construír unha nova rotonda no cruce entre Afonso X O Sabio e a Rolda de Fingoi, unha intersección actualmente regulada por semáforos e que presenta un espazo amplo e pouco integrado na contorna.

A actuación, adxudicada á empresa Ovisa por 183.557 euros e cun prazo de execución de tres meses, permitirá substituír os semáforos por unha rotonda axardinada. O proxecto inclúe a adaptación do alumeado ao novo deseño, avanzando na implantación de luminarias LED, e a mellora da rede de saneamento para garantir unha drenaxe axeitada. O tenente de alcalde, Rubén Arroxo, subliñou que o obxectivo é “facilitar un tráfico máis fluído e seguro, ao tempo que se mellora a estética da zona”.

Tamén se aprobou a renovación do firme na rúa da Agricultura, no polí-



gono do Ceao. Os traballos, que executará Francisco Gómez y Cía SL con 143.320,20 euros de orzamento e un prazo de 12 semanas, inclúen a substitución da tubaxe de fibrocemento por fundición dúctil, a reposición da capa de rodadura con asfalto en quente e a renovación da sinalización horizontal.

A terceira actuación afecta ao Carril das Flores, que sairá a licitación cun orzamento máximo de 777.931,60 euros e un prazo de execución de 10 meses. O plan contempla converter a rúa nunha plataforma única con

zonas diferenciadas para peóns e vehículos, novos espazos verdes, bancos, alumeado renovado con columnas recuperadas do casco histórico e a instalación de rego automático. Ademais, mellorarase o sistema de drenaxe con canaletas lonxitudinais e renovaranse as canalizacións de abastecemento e saneamento. Arroxo destacou que este proxecto “permitirá avanzar na cidade dos 5 minutos” e completar parte do corredor peonil leste-oeste, que conectará Fontiñas co río a través dun percorrido continuo por espazos peonís.

Os veciños querén preservar as beiras do río Rato

A Plataforma Veciñal da Zona Norte da cidade solicitou formalmente que non se autorice ningún tipo de construción nas marxes do río Rato, concretamente na zona de Paradai, no solar do Polígono C.

Segundo a súa xunta directiva, a entidade Suplusa, xa disolta polo actual equipo de goberno da Deputación, foi a responsable de abrir a vía para este proxecto, e foi xestionada no seu momento por un destacado membro do Partido Popular.

Os veciños afirman que, segundo os datos de que dispoñen, o actual Delegado da Xunta en Lugo, cando traballaba en Suplusa, podería ter presidido entre 2016 e 2020 a Xunta de Compensación de Propietarios do Polígono C de Paradai, algo que podería xerar un conflito de intereses co seu cargo actual como Xefe Territorial da Consellería de Ordenación do Territorio. A plataforma pide explicacións públicas sobre a compatibilidade destes cargos e sobre a autorización dunha edificación de oito plantas a escasos metros do río. Ademais, salientan que o PP comparte a súa postura de rexeitar a edificación, e preguntan se isto implica diferenzas de criterio internas entre Elena Candia e Javier Arias. A plataforma insiste en que os lucenses merecen transparencia e claridade respecto a este asunto urbanístico que afecta ao patrimonio natural e ao benestar da cidade.



Avanza a renovación da rúa Serra de Meira

A Xunta de Galicia xa dispón do proxecto actualizado para a renovación da rúa Serra de Meira, en Lugo, no tramo comprendido entre as rotondas de Serra de Meira e a avenida Adolfo Suárez, unha actuación que forma parte das intervencións previstas no Plan Paradai. O documento, encargado pola Axencia Galega de Infraestruturas, contempla un investimento próximo aos 882.000 euros.

O delegado territorial da Xunta, Javier Arias, explicou que o seguinte paso será a sinatura dun convenio co Concello, dado que se trata dunha vía de titularidade municipal. Ademais, o goberno local deberá solicitar autorización á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, aínda que Arias confía en que o trámite sexa áxil, xa que a Administración autonómica contactou

previamente co organismo de conca para facilitar a tramitación desta actuación, considerada clave para o desenvolvemento urbanístico da zona. A partir dese punto, e logo dos informes sectoriais, poderase avanzar na licitación das obras.

O proxecto foi actualizado seguindo o deseño xeométrico pactado co Concello de Lugo na reunión celebrada en abril na Delegación Territorial. O plan recolle a construción de muros de contención para permitir o ensanche da rúa Serra de Meira fóra da zona de servidume, mantendo ao mesmo tempo as ramplas de acceso ao río tanto para peóns como para ciclistas. Así mesmo, conservaranse as prazas de aparcadoiro en liña na marxe esquerda da vía, a oposta ao río, e as paradas de autobús situadas a ambos lados da calzada.

¡La temporada del pulpo se acerca!

Celebra tu comida de **San Froilán** en nuestro restaurante ;)

Torre Nuné Hotel

📞 982 30 40 40

💬 676 75 52 78

Aproveitouse o verán para realizar obras de asfaltado en varias rúas

A Tenencia de Alcaldía de Lugo está a traballar na mellora da contorna escolar do CEIP Rosalía de Castro coa renovación da rúa Cambria. “O obxectivo é crear un novo espazo de convivencia como o que podemos ver no norte da cidade, na contorna do Colexio Luís Pimentel”, explicou Arroxo.

Segundo o tenente alcalde, aplicase o modelo de plataforma única con preferencia peonil, un sistema que xa funciona en varios puntos da cidade. Ademais, instalaranse novas zonas axardinadas e bancos para mellorar o uso do espazo.

O CEIP Rosalía de Castro é un dos cinco centros incluídos no programa de vieiros escolares seguros, que facilita a conciliación familiar, fomenta hábitos de vida saudables e reduce o tráfico rodado na contorna dos colexios. Arroxo destacou que esta actuación complementa o proxecto “Camiño ás Aulas”.

Os traballos inclúen a renovación da calzada e das beirarrúas, habilitando unha plataforma única ao nivel das actuais beirarrúas, separando a zona de acceso ao colexio con espazos axardinados e bancos.

Tamén se renovarán as instalacións da rede de abastecemento, con novas tubaxes de fundición dúctil e canalizacións para alumeadado público. A rúa construírse con formigón desactivado de cor vermella, unha solución estética e duradeira que permite reducir o mantemento dos espazos públicos.

SALVADOR DE MADARIAGA. Rubén Arroxo, tenente alcalde de Lugo, e o concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitaron a rúa Salvador de Madariaga, onde comezaron as obras de reconstrución do firme co obxectivo de dar solución ás incidencias detectadas nesta vía.



Segundo explicou Alexandre Penas, a Tenencia de Alcaldía traballa “para garantir as mellores condicións de seguridade nos espazos urbanos”, polo que a actuación céntrase na mellora da capa de rodadura.

Os traballos execútaranse en dúas fases: unha entre a avenida Ramón Ferreiro e o número 16, e outra desde o número 20 ata a praza Bretaña. O calendario previsto abrangue o luns 25 e o martes 26 de agosto. Durante este tempo, manterase o acceso tanto a residentes como ao aparcadoiro a través do treito non afectado polas obras.

A intervención inclúe o fresado superficial de toda a superficie e a colocación dunha nova capa de rodadura a base de mestura asfáltica en quente, coas condicións técnicas adecuadas para garantir a durabilidade da actuación.

CAMIÑO DA ROCA. No Camiño da Roca, no barrio das Gándaras, onde a Tenencia de Alcaldía está a renovar as beirarrúas. Arroxo explicou que “desde a Tenencia de Alcaldía seguimos traballando na mellora dos espazos públicos, planificando diversas intervencións en base ás visitas aos

barrios e ás reclamacións da veciñanza”.

Rubén Arroxo explicou que os traballos consistirán na mellora da accesibilidade das e dos veciños, renovando dun tramo de beirarrúa, dunha lonxitude de 108 metros, e dun ancho de 3, ademais da conexión entre as dúas beirarrúas paralelas, nunha rampla de 4 metros de ancho. Os traballos realizados foron a demolición das baldosas antigas e a instalación dunha capa de formigón ruleteado, reforzado con fibras estruturais, cun espesor de 15 centímetros.

MILAGROSA. Tamén se avanza no proxecto que permitirá completar un corredor peonil entre a praza da Milagrosa e a praza de Bretaña.

As obras, que se atopan na súa primeira fase, inclúen a renovación integral da rede de abastecemento de auga, substituíndo as antigas tubaxes de PVC por fundición dúctil e instalando novas válvulas, bocas de rego e de incendio.

O proxecto, adxudicado á empresa Urbaconsa, conta cun investimento de 409.005,80 euros con peonalizacións como as das rúas Luis Seoane e Camiño Real.

EN BREVE



INFANTA ELENA. A Deputación de Lugo comezou o estendido de aglomerado en quente no último treito das obras de desdoblamento e humanización da Avenida Infanta Elena, no tramo comprendido entre a glorieta de Garaballa e a de Benigno Rivera.



TAPÓN URBANÍSTICO. O grupo municipal do Partido Popular de Lugo volve denunciar a “parálise absoluta” do goberno local do PSOE e do BNG, “que mantén bloqueada unha das conexións previstas na segunda rolda da cidade por culpa dun tapón urbanístico na zona comprendida entre as rúas Evaristo Correa Calderón, Serra Gañidoria, Río Lor e Escultor Asorey”.



MURAI. O artista lucense Iago Eireos vén de rematar ‘Camiño en cor’, un mural de gran formato que renova, na rúa Primavera, un dos puntos de entrada á cidade a través do Camiño Primitivo. Tamén se abriu ao público o paso polas escaleiras da Rúa Santiago, que enlazan con Cidade de Viveiro, tras a súa rexeneración a través dunha intervención artística do programa municipal Urban Cores.

Oferta de empleo

Creando. Futuro. Juntos.

¿Qué buscamos?
Buscamos mediadores que tengan aspiración y proyección de futuro, ganas de progresar y capacidad para poner en marcha nuevos proyectos.

Funciones:

- Búsqueda, captación y fidelización de clientes.
- Asesoramiento personalizado a clientes.

Requisitos:

- Titulación oficial mínima requerida: estar en posesión del título graduado en Educación Secundaria (ESO) o equivalente.

Contacta con nosotros
Jesús Ángel Martínez Quelle, gestor de negocio Galicia Este
Rúa do Concello, 3 Enfo., 32003, Ourense
T 955 904 488, M 680 705 802
jesus-angel.martinez@helvetia.es

¿Qué ofrecemos?
Incorporación a nuestro Plan de Agentes Exclusivos con las siguientes ventajas:

- Formación especializada, para seguir creciendo como profesional del sector asegurador.
- Atención constante al mediador por parte de nuestras sucursales.
- Ambicioso desarrollo profesional y personal.
- Contrato mercantil.

simple. claro. helvetia

Tu aseguradora suiza

UN REGALO PARA TI

LA SALUD DE TU PIEL SE LO MERECE

VALIDO PARA UN TRATAMIENTO FACIAL FITOBIOLÓGICO

Todos los miércoles en Verxel Herbolario

PIDE TU CITA 982 251 827

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es

Verxel HERBOLARIO

O Concello mellorará o aparcadoiro do campo das Gándaras

O Concello de Lugo culminou o procedemento para a mellora e adecuación do aparcadoiro do Campo de Fútbol das Gándaras, despois de conseguir a cesión temporal dos terreos propiedade do Ministerio de Defensa e completar todos os trámites previos á licitación.

O edil de Deportes, Jorge Bustos, subliñou que o custo será asumido polo Concello e criticou que “a Xunta non achegou axuda nin realizou ningunha xestión efectiva, malia que agora o seu delegado queira escenificar un compromiso que nunca se traduciu en feitos reais”.

Bustos explicou que este avance é resultado dun traballo continuado iniciado o 20 de xaneiro de 2024, cando comezaron as conversas coa Subdelegación do Goberno, que remitiu o asunto á Subdelegación de Defensa en Lugo. En marzo de 2024 presentouse o primeiro escrito formal solicitando o uso dos terreos e, en xuño, chegou a resposta do Departamento de Enaxenación de Defensa. Posteriormente, grazas á xestión municipal, enviouse un novo comunicado ao INVIED para acelerar a autorización debido á alta afluencia de vehículos na tempada de adestramentos.



Piden a recuperación da Casa da Torre á Xunta

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, instou á Xunta a comezar dunha vez por todas a recuperación da Casa da Torre, no barrio da Tinería, cando se vén de cumprir nove meses da concesión da licenza urbanística por parte do Concello de Lugo á administración autonómica. Neste sentido, o rexedor municipal lembrou que dita licenza concedeuse o 2 de outubro pasado, despois de agardar preto dun ano a que a Xunta de Galicia subsanase parte da documentación presentada. A este respecto comentou que “despois de todo estes meses transcorridos, semella que o que de verdade falta é vontade política de comezar a rehabilitación deste

inmable emblemático, propiedade do goberno galego, que leva anos en estado de ruína”.

Miguel Fernández tamén explicou que “esta non é nin moito menos a primeira vez que requirimos á Xunta maior dilixencia con este proxecto. O pasado 13 de marzo, na visita da Conselleira de Vivenda lembramos a necesidade de iniciar a recuperación”.

O antigo Hospital de San Miguel, propiedade da Xunta e abandonado durante anos, contempla varios usos, entre os que se barallou que sexa destinado a sede da Asociación Provincial de Empresarios de Hostalería de Lugo, APEHL, e tamén como oficina de turismo.



Abren ao uso público os aparcadoiros dos institutos

O Grupo Municipal do Partido Popular celebrou a posta en funcionamento dos aparcadoiros anexos aos institutos de Lugo, unha demanda histórica da Asociación de Veciños Parque de Rosalía-Recatelo que, segundo os populares, se fixo realidade grazas á súa perseverancia e ao seguimento constante da problemática dende o primeiro momento.

“Desde que recibimos esta petición da veciñanza, implicámonos en procurar unha solución rápida e eficaz. Durante moito tempo observamos como o executivo local trataba de trasladar a responsabilidade á Xunta de Galicia, escudándose en supostos obstáculos administrativos. Pero os feitos deixan claro que a falta de xestión estaba dentro do propio Concello”, asegurou a voceira do grupo, Elena Candia.

Segundo o PP, en canto o goberno local convocou as Xuntas Locais de Seguridade e aprobou os convenios que lle correspondían, os procedementos avanzaron con axilidade. A sinatura dos acordos tivo lugar o pasado 18 de xullo e, apenas dúas

semanas despois, púidose abrir ao público un espazo moi necesario tanto para o barrio como para outras zonas da cidade que padecen unha carencia importante de prazas de estacionamento.

“Esta medida representa un avance significativo na mellora da calidade de vida da veciñanza. Desde o noso grupo, continuaremos traballando con responsabilidade, mantendo sempre a man tendida ao diálogo e cunha actitude proactiva e orientada á solución dos problemas reais de Lugo”, concluíron desde o grupo popular.

Se poñen a disposición da cidadanía máis de 30 prazas no aparcadoiro do IES Ollos Grandes, situado en pleno centro urbano. Este espazo estará aberto durante as 24 horas do día ao longo do mes de agosto, incluídos os fins de semana e días festivos. En días laborables, funcionará entre as 15:30 e as 23:00 horas, agás os mércores, cando se abrirá a partir das 18:00. Tamén anunciou que proximamente se abrirá ao público o aparcadoiro do IES Lucus Augusti.



Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

Si tu programa de facturación no es actualizable a la nueva Ley Crea y Crece (VERIFACTU), llámanos y te informamos. Puede salirte gratis a través de "KIT DIGITAL".

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Inician a tramitación ambiental do proxecto para 1.200 vivendas no barrio do Sagrado Corazón

A Xunta de Galicia deu o primeiro paso para a tramitación ambiental do Proxecto de Interese Autonómico (PIA) do sector 5.R do barrio Sagrado Corazón, tal e como anunciara recentemente.

O Goberno galego remitiu á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade o borrador do proxecto e o documento ambiental estratéxico, co obxectivo de iniciar o procedemento ambiental estratéxico simplificado que permitirá continuar coa tramitación administrativa.

O plan abrangue unha superficie de máis de 12 hectáreas e contempla a construción de arredor de 1.200 vivendas, das que o 80% serán de carácter protexido.

Esta actuación enmárcase na Estratexia Galega de Solo Residencial, un programa impulsado pola Xunta para urbanizar terreo destinado á construción de 25.000 vivendas, das que 20.000 contarán con protección oficial. Trátase, ademais, do primeiro proxecto deste plan que inicia o seu proceso de avaliación ambiental.

O Concello lugués inviste na modernización das dúas redes de auga

O Concello aprobou dúas actuacións para modernizar e reforzar as infraestruturas hidráulicas en zonas consolidadas da cidade, cun investimento total de máis de 324.000 euros financiados con cargo ás partidas de renovación de redes de saneamento e abastecemento.

A primeira intervención centrarase na rúa Pintor Pacios, onde se renovará a rede de saneamento cun orzamento de 64.387,96 euros con IVE incluído e un prazo máximo de execución de catro meses. A actuación permitirá modernizar as canalizacións e incrementar a capacidade da rede nunha zona residencial de uso intensivo, garantindo me-

lloras no día a día das persoas que viven nesta contorna.

Tamén se aprobará a renovación da rede de abastecemento en varios tramos da rúa Alexandre Bóveda, cun orzamento de 260.392 euros con IVE incluído e un prazo máximo de cinco meses. Esta obra contempla un plan específico de retirada de amianto que asegura a substitución das tubaxes e acometidas con todas as garantías.

Ambas actuacións contan cunha ampliación da garantía de 48 meses, moi por riba do mínimo legal dun ano, o que proporciona unha maior cobertura para o Concello e reforza o investimento municipal.



Convenio do Concello e Deputación para manter os espazos públicos

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e o alcalde de Lugo, Miguel Fernández Méndez, veñen de asinar no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración polo que a institución provincial colaborará co Concello no financiamento do Plan AXIL, un programa de Actuación e Xestión Inmediata de Lugo que servirá para o mantemento de espazos públicos municipais. Mediante este acordo, a Deputación achegará 150.000€ para acadar un orzamento total de 200.000€ que se destinarán á reposición de infraestruturas urbanas na capital da provincia durante un ano.

Concretamente, a través deste Plan AXIL, o Concello de Lugo poderá acometer pavimentación de beirarrúas e bordos, reparar calzadas deterioradas ou renovar e adecuar tapas de pozos de rexistro e arquetas; investir en mobiliario urbano, instalando bancos e reparando aqueles que estean danados, colocando xardineiras, dotando aos espazos públicos de papeleiras, xogos infantís ou aparatos biosaudables; adecuar as zonas verdes municipais, o que inclúe a plantación de árbores e arbustos así como outras labores relacionadas coa xardinería;

e finalmente gañar en accesibilidade coa supresión de barreiras arquitectónicas, rebaixando pasos de cebra para deixar unha diferenza de cota cero entre o bordo e a rasante da calzada.

Tomé Roca enmarcou esta iniciativa na cooperación cos concellos, “que articula toda a nosa acción de Goberno” e valorou esta proposta do Goberno local, “que contribuirá a estimular a economía, mellorando o benestar das veciñas e dos veciños ao tempo que axudará a mellorar a imaxe de Lugo como destino turístico accesible, verde e inclusivo”.

Pola súa banda, Miguel Fernández, puxo en valor a creación da Brigada AXIL como “un paso decisivo para reforzar o mantemento diario da cidade cun equipo especializado capaz de actuar con rapidez ante calquera incidencia, desde un banco roto ou unha papeleira deteriorada ata unha beirarrúa levantada ou un punto de luz avariado”.

Destacou o Rexedor que “a axilidade na resposta é clave para mellorar a calidade de vida da veciñanza e para evitar que pequenos danos se convertan en problemas maiores, garantindo así espazos públicos máis seguros, accesibles e coidados”.

EN BREVE



RUÍNA. A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa vén de expresar publicamente a súa preocupación ante a situación ruínosa dunha vivenda situada na rúa Dona Urraca, no tramo que conecta coa rúa Mazaira, nunha zona de tránsito constante de peóns e vehículos.



RESIDENCIA. A Xunta deu comezo ás obras de reforma da residencia de maiores da Milagrosa, en Lugo, nas que inviste preto de 1,7 millóns de euros. O delegado territorial, Javier Arias, explicou hoxe no centro que a remodelación afecta tanto á envolvente térmica e á cuberta como aos espazos interiores, e busca mellorar a eficiencia enerxética, a accesibilidade e o confort.



PASOS DE PEÓNS. A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa volveu dirixirse á Concellería de Infraestruturas do Concello de Lugo e ao Departamento de Tráfico da Policía Local para reclamar, unha vez máis, a instalación urxente de pasos de peóns en dous puntos do barrio que presentan unha elevada afluencia de persoas e carecen dunha infraestrutura básica de seguridade viaria.

O PP propón un aparcadoiro en altura na rúa Castela

O Partido Popular deu a coñecer a segunda fase do seu modelo de mobilidade para a zona norte cun proxecto que inclúe a construción dun aparcadoiro en altura na rúa Castela, detrás do edificio administrativo da Xunta.

Esta proposta complementase coas intervencións xa presentadas no mes de maio dentro da primeira fase, que contemplaba un ascensor panorámico e unha pasarela mecánica para salvar o desnivel de 27 metros entre a nova estación intermodal e a Muralla. O conxunto das actuacións podería financiarse cos fondos do Plan Novo Norte, que reserva 5,2 millóns de euros para proxectos de accesibilidade dentro dun total de 20 millóns destinados á rexeneración urbana. O proxecto do aparcadoiro prevé arredor de 240 prazas e reservar uns 1.000 metros cadrados para uso público, aínda que existen mecanismos urbanísticos que poderían duplicar a súa capacidade.

Pola súa parte, o Goberno local subliña que xa se deron os pasos necesarios para que o espazo da rúa Castela funcione como aparcadoiro público, dentro do marco do plan Novo Norte.

Segundo detallan desde o Executivo, o proxecto para mellorar a mobilidade e a accesibilidade na zona norte da cidade foi deseñado polos servizos municipais e presentado publicamente hai meses, recollendo actuacións como ramplas mecanizadas, ascensores e reordenación urbanística para conectar de forma cómoda e accesible a estación intermodal co centro histórico, utilizando as mesmas parcelas nas que se prevé o novo aparcadoiro.

O Goberno local aclara que en ningún caso se contempla a construción dun aparcadoiro en altura, xa que non se corresponde co modelo de cidade que promove.

Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS

Inicio inmediato | Plazas limitadas | Reserva la tuya | Aula virtual

estudios
rafer

SSCE0110 Habilitación para la **docencia** en grados A, B y C del sistema de **formación profesional** | Horario mañanas

SCB211 Dirección de actividades de tiempo libre educativo infantil y juvenil | Horario tardes

Consulta toda la oferta formativa:

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

GOBIERNO DE ESPAÑA

MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y EMPLEO



CCOO acusa ao Goberno de privatizar servizos e de mala xestión do persoal

CCOO denunciou que o goberno local aposta pola privatización e o clientelismo en lugar de reforzar o emprego público. Como exemplo, sinalou a decisión de entregar a xestión do Vello Cárcere a unha empresa privada cun contrato de 560.541,18 euros anuais, o que supón un incremento do 71% respecto do anterior, que ascendía a 327.878,55 euros.

O sindicato advertiu de que o valor estimado do contrato, incluído o IVE, rolda os tres millóns de euros con prórrogas e modificacións engadidas. O propio Servicio de Intervención subliñou que, aínda que existe crédito suficiente, “nada se informa respecto da repercusión do contrato nos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira”.

Engadiu que este incremento “debera facernos reflexionar sobre a capacidade do Concello de Lugo de manter a súa estabilidade financeira a longo prazo, cubrindo os seus gastos sen comprometer a súa via-

bilidade futura”.

A maiores, tamén figura como reparo que as facturas da empresa adxudicataria actual levan sen consignarse polo Concello desde novembro de 2024, polo que “dében-se cartos e increméntase o gasto”, alertan desde o sindicato.

O sindicato tamén criticou que nos dous últimos meses se desviaran preto de 40.000 euros da partida destinada a cubrir vacantes de persoal municipal para financiar festexos, actividades accesorias e mesmo unha escultura en homenaxe á anterior alcaldesa.

Pola súa banda, Maite Ferreiro, responsable de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, explicou que o incremento do prezo de licitación do contrato do Vello Cárcere responde á actualización das táboas salariais, aplicando o novo convenio colectivo. A edil de Cultura criticou a postura de CCOO, ao considerar que o sindicato “quere deixar ás traballadoras e traballadores co mesmo salario que tiñan no 2018”.

Queixas pola “ínfima achega” da Xunta ás festas de San Froilán

O tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, mantiveron un encontro co vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, e coa deputada de Cultura, Iria Castro, no que salientaron a implicación do organismo provincial coa organización das festas do San Froilán. Arroxo cualificou a Deputación como “o principal colaborador da gran festa do outono galego” e subliñou que “a súa achega é 16 veces superior á da Xunta de Galiza”.

O responsable municipal lembrou que o apoio económico da Xunta leva anos estancado nos 25.000 euros, mentres que a Vicepresidencia da Deputación achegará 410.000 euros para a edición de 2025. Segundo apuntou Arroxo, esta diferenza responde a “unha estratexia reiterada do Partido Popular: non presentan propostas, abandonan a comisión de festas, promoven unha campaña negativa contra o San Froilán e non brindan apoio desde a Xunta, amosando así o seu desprezo polas veciñas e veciños de Lugo”.

Arroxo tamén criticou que, mentres



a Xunta destina máis de tres millóns de euros a unha empresa privada para organizar un festival, “relega a festa con máis historia da cidade a unha achega simbólica”. Considera que esta actitude contrasta co compromiso da área de Cultura do Concello, que prepara un programa “diverso e accesible para toda a cidadanía”.

CASSETAS DO POLBO. A Mesa de Contratación reuniuse para avaliar as cinco ofertas presentadas para as casetas e caldeiros do polbo, que estarán abertas entre o 26 de setembro e o 2 de novembro.

A caseta e o caldeiro número 1 reci-

biron dúas ofertas, presentadas por Aurora do Carballiño, valoradas en 18.000 e 12.000 euros, e por José Pazo Baranda, con 12.000 e 7.500 euros.

A caseta número 2 tivo propostas de Xuncos S.A., por 10.707 e 6.740 euros, e da Polbería Nadel, por 9.001 e 5.701 euros. A caseta número 3 contou cunha única oferta da empresa Octopus Galician Chef, por 9.118,97 e 6.018,83 euros.

Segundo o prego aprobado pola Comisión de Festas, a ración de polbo de 250 gramos custará 15 euros, a de 200 gramos de pan ou cachelos 1,50 euros, e a botella de 3/4 de litro de viño 6 euros.

Impulsan unha nova ordenanza para a rehabilitación de inmobles

O Boletín Oficial da Provincia de Lugo publicou a aprobación inicial da Ordenanza Municipal de Conservación e Rehabilitación de Inmobles, co que se abre un prazo de trinta días hábiles para a presentación de alegacións.

Unha vez concluído, a área de Urbanismo do Concello de Lugo deberá analizar as propostas recibidas antes de proceder á aprobación definitiva, prevista nun período de dous ou tres meses, polo que se agarda que a ordenanza poida estar en vigor antes de rematar o ano. A nova ordenanza, aprobada inicialmente polo pleno municipal o pasado 31 de xullo, supón unha revisión integral que substitúe e unifica dúas normativas xa obsoletas de 2009 e 2013.

O texto actualízase ao marco legal estatal e galego en vigor, o que permitirá non só mellorar a eficacia á hora de actuar en inmobles en estado de ruína ou abandono, senón tamén reforzar a seguridade xurídica. Esta medida facilitará desbloquear actuacións urbanísticas e incrementar a capacidade de intervención en casos de deterioro de edificios.



Publicada xa no BOP e na web municipal, calquera persoa interesada poderá examinar o documento e presentar alegacións no prazo aberto de trinta días hábiles. A ordenanza establece medidas de cumprimento obrigatorio para os propietarios, incluíndo sancións económicas, execución subsidiaria das obras e, en casos extremos, expropiación ou venda forzosa.

De xeito paralelo, o Concello abriu un novo prazo de dous meses para solicitar subvencións destinadas a rehabilitacións integrais no centro histórico, que rematará o próximo

28 de setembro.

Estas axudas céntranse en actuacións de eficiencia enerxética en comunidades de veciños, co obxectivo de mellorar a envolvente térmica dos edificios e reducir o consumo. Para esta convocatoria dispóñense 424.186 euros, dos que 334.700 se destinarán a axudas xerais, 65.411 á retirada de amianto e 24.075 a familias en situación de vulnerabilidade.

As persoas interesadas deberán contar co certificado de eficiencia enerxética do seu edificio ou vivenda, rexistrado no INEGA, como requisito previo á solicitude.

O PP pide un pleno extraordinario para falar dos contadores de auga

O PP solicitou un pleno extraordinario urxente para que o goberno local aclare que tipo de contador de auga deben instalar os lucenses ou se procede verificalo antes do 24 de outubro, conforme á normativa estatal (Orde ICT/155/2020 sobre Control Metrolóxico).

O PP lembra que os contadores con máis de 12 anos deben ser substituídos antes desa data e critica que, desde 2020, o Concello nunca tivo vontade de modernizar o servizo, limitándose a subir impostos sen mellorar a calidade.

Os populares denuncian a actuación “irresponsable” do Goberno local do Concello de Lugo, que primeiro enviou cartas advertindo de posibles sancións, logo recomendou agardar á resolución dos fondos PERTE, a cal xa fora denegada o 6 de agosto, xerando confusión entre a cidadanía e os profesionais do sector.

O PP tamén puxo o foco nun informe interno da Xefa do Servizo

de Augas, que revela o colapso do departamento encargado das altas, baixas e incidencias: cinco prazas vacantes sen cubrir, máis de 600 solicitudes pendentes, 100 cambios de contador sen tramitar e máis de 200 lecturas sen rexistrar. Esta situación afecta á facturación municipal e impide informar correctamente a Augas de Galicia das perdas de auga, o que podería derivar en sancións.

Ante este escenario, a voceira do Grupo Municipal, Elena Candia, e a concelleira Silvia Colmenero reclaman a posta en marcha dun Plan Integral de Mellora da Xestión do Ciclo da Auga que inclúa a definición de modelos homologados de contadores, licitación urxente das ETAP e EDAR, reforzo do persoal municipal, servizo de reparación 24/7, control de fugas, renovación de tubaxes, abastecemento rural, limpeza de fosas sépticas e activación do sistema de reutilización de auga depurada.

“Os clientes valoran a calidade do produto e o bo servizo”

José Ángel Millares xestiona, xunto a Gloria Millares, a empresa Millares Torrón, situada no km 5 da N-540, preto da cidade de Lugo

Jessica Fernández

Este ano o negocio fai 50 anos, como foron os comezos?

O negocio iniciouse no ano 1975 en Castroverde da man de dous socios, Díaz e Torrón. En 1979 trasladouse a Lugo, á Ronda da Muralla, e en 1990 instalouse definitivamente no quilómetro 5 da estrada de Santiago, onde continúa na actualidade. No ano 2009 Díaz e Torrón decidiron tomar camiños separados, o que deu lugar á fundación de Millares Torrón S.L. Máis adiante, en 2019, abrimos unha nova tenda no quilómetro 3 da mesma estrada de Santiago, baixo o nome de Millavén, especializada en xardinería e na oferta de vehículos de recreo, como *buggies* e *quads*.

Volvendo ao presente, como se atopa o negocio na actualidade?

Na actualidade contamos cun cadro de 30 traballadores e unha facturación anual de arredor de 16 millóns de euros, cun crecemento sostido do 20 % cada ano. A evolución da empresa foi moi positiva: en 2009 produciuse a separación dos socios e un cambio de nome, e hoxe a dirección está nas mans da miña irmá, Gloria Millares, e máis eu, José Millares. A nosa vocación é apostar sempre por marcas punteiras, traballando con firmas de primeiro nivel. Somos número un venda de manipuladoras telescópicas en Galicia e distribuímos en exclusiva os manipuladores JCB para todo o territorio galego. Desde Lugo atendemos clientes de toda Galicia, mantendo un compromiso firme coa calidade e coa innovación.

Destaca o seu alcance na comarca de Sarria e da Terra Chá.

Traballamos especialmente nestas dúas comarcas, onde existe unha grande demanda de produtos agrícolas debido á alta concentración de granxas de leite e de vacún. Os principais clientes son, polo tanto, os propietarios de explotacións agrícolas e gandeiras. A nosa oferta non se limita aos tractores, senón que abrangue tamén maquinaria para a forraxe de herba e millo, así como todo o relacionado co ensilado, unha das actividades que máis traballo xera en Galicia. Cómpre ter en conta que, para o laboreo previo á sementeira e para a recollida da herba, son necesarias máquinas potentes e especializadas. Traballamos con dúas recoñecidas marcas alemás para o tratamento do chan, Amazone e Krone, ademais de distribuír produtos de Valtra e JCB. Así mesmo, dispoñemos de maquinaria para a tritución de prados e para o mantemento forestal, fundamental para manter os terreos limpos, algo especialmente relevante nas explotacións gandeiras do rural e que se pon de manifesto tamén na prevención dos incendios.

Ademais da venda de maquinaria nova, tamén teñen un servizo de maquinaria usada.

Si, vendemos maquinaria nova das marcas que mencionamos e dispoñemos dun servizo de recambios para todas elas, ofrecendo así unha atención integral que abrangue desde a compra ata o final da vida útil da máquina. Durante todo ese proceso estamos sempre ao dispor dos nosos clientes, xa sexa para

subministrar pezas ou para realizar labores de mantemento no noso taller. Ademais, apostamos pola reciclaxe e a reutilización. Cando un cliente nos comunica que a súa máquina xa non lle resulta útil, recollémola, revisámola e poñémola de novo á venda en condicións óptimas. Para iso contamos cun equipo de 11 mecánicos especializados que se encargan de reparar tanto a maquinaria nova como a usada, garantindo a súa posta a punto e ofrecéndoa sempre cunha garantía de calidade.

Contan cunha nova gama de tractores, non?

Hai dez anos comezamos a traballar coas manipuladoras telescópicas de JCB e hai dous que estamos introducindo moi firmemente os tractores de JCB, os FASTRAC, xa que en toda Europa está medrando a venda de este modelo de tractor; polo que tamén realizamos demostracións. Todos os que os proban coinciden en que son os máis cómodos do mercado, con tracción ás catro rodas, sistemas de seguridade avanzados como ABS e freada integral nas catro rodas, semellante á dun camión, capacidade para acadar velocidades superiores na estrada, arredor dos 70 e 80 km/h, e cun nivel de seguridade moi elevado. Trátase dun modelo que ata hai pouco apenas se vendía, pero que está experimentando un crecemento notable, duplicando as vendas cada ano. A propia fábrica está a incrementar a produción para dar resposta á alta demanda destes tractores JCB. Realizamos entre 25 e 30 demostracións anuais en



diferentes puntos de Galicia, e nos dous últimos meses xa levamos varias xornadas deste tipo. Os clientes poden solicitar probar o tractor durante un día completo de forma gratuíta, unha experiencia que se traduce en vendas directas. Ademais, o boca a boca funciona á perfección: cando un cliente compra un destes tractores, xa o vende logo el.

Como valoran os seus clientes o servizo prestado?

Hoxe en día o servizo rápido é fundamental, e por iso esforzámonos en ofrecer a mellor atención posible. Os clientes valoran moito recibir un bo servizo, e nós traballamos intensamente para garantir que as máquinas estean sempre a punto durante as campañas. Para iso dispoñemos de maquinaria de substitución, de maneira que, se se produce unha avaría nun equipo, poidan dispoñer dunha solución inmediata. Outro aspecto clave é o asesoramento. Moitos clientes non teñen claro que maquinaria lles convén, e aí é onde entra en xogo a nosa experiencia. Aconsallamos sempre en función das súas necesidades concretas e das características da súa explotación, ofrecendo ideas e solucións adaptadas a cada caso. Por iso, temos unha clientela moi fiel, xa que arredor do 70% continúa confiando en nós, cunha

compra recorrida. É dicir, a maior parte das máquinas que ten o cliente na súa explotación agrícola son da nosa empresa, e a iso chámase unha boa fidelización do cliente. Isto débese á proximidade no trato, á calidade do servizo e do produto, así como ao carácter familiar da empresa, que coñece de primeira man as necesidades do sector.

Que expectativas teñen de cara ao futuro?

O noso obxectivo de cara ao futuro con JCB é aumentar a cota de mercado en Galicia. Pretendemos consolidar a presenza da marca e ampliar a rede de servizos para estar máis próximos ao cliente, creando talleres colaboradores noutros puntos da comunidade e garantindo que cada provincia conte cunha referencia oficial como concesionario JCB. Xa contamos con talleres colaboradores e queremos seguir habilitando novos talleres certificados por nós. Aínda que queda traballo por facer, as bases para crecer e mellorar xa están asentadas.

N.-540, Km. 5, 27210 Lugo

982 221 966

<https://millarestorron.com/>

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

As Caldas de Lugo volven pechar ao público pola presenza de lexionela

As instalacións termais do parque do Miño permanecen de novo pechadas tras detectarse lexionela nas duchas e tamén nalgúns vasos das piscinas. A bacteria localizouse na mesma zona de tubaxe onde xa aparecera en setembro do pasado ano, o que obrigou a un longo peche ata maio. Segundo informou o Concello, a alta temperatura da auga do río Miño —que chegou a acadar 25 graos este verán— e a escasa afluencia de usuarios poderían favorecer a proliferación da bacteria, malia os purgados

diarios. Os últimos controis amosan unha redución considerable dos niveis de lexionela e están a aplicarse os protocolos de desinfección. Trátase dun problema que tamén afectou recentemente a outras instalacións municipais, como o parque de bombeiros ou o campo de fútbol das Gándaras, aínda que en ningún caso houbo consecuencias para a saúde. O goberno local defende a calidade da auga e o control continuo da rede, mentres o PP insiste en cuestionar os niveis de cloro en determinados puntos.

As Aulas Abertas chegan a unha participación próxima ao 90 % en xullo

O programa municipal de Aulas Abertas desenvolvido nos centros de convivencia de Lugo pechou o mes de xullo cun elevado nivel de participación, tanto nos espazos da cidade como nas parroquias rurais. Segundo indicou o alcalde, Miguel Fernández, durante unha visita ao centro de Abella acompañado pola concelleira de Cohesión Social, Olga López Racamonde, a asistencia media foi próxima ao 90 %, chegando ao 92 % no caso dos centros rurais. Durante o mes de xullo, os cinco centros urbanos de A Milagrosa, Maruja Mallo, Fingoi, Paco Martín e Abella ofertaron 223 prazas repartidas en dúas quendas quincenais para nenos e nenas de entre 4 e 10 anos, cun horario de 8.30 a 14.30 horas. O centro de Abella colleu case 40 menores, cifra que se prevé repetir tamén no mes de agosto. Nos centros das parroquias rurais de Pías, Calde, O Burgo, Santa Comba, Saa, San Xoán do Campo e Bosende, tamén se desenvolveron actividades adaptadas á demanda das familias do rural, cunha oferta próxima ás 80 prazas. Os períodos de participación abranguen dende xullo completo ata opcións por quendas, como sucede en Bosende, onde a actividade comezará o 11 de agosto e xa conta co total das prazas cubertas. Para este mes de agosto, a previsión continúa a ser positiva nas Aulas Abertas urbanas, con 230 prazas dis-



poñibles nos mesmos cinco centros da cidade. A concelleira Olga López Racamonde explicou que en varios centros foi necesario ampliar a oferta inicial de prazas para atender a todas as solicitudes, especialmente as de familias con varios menores a cargo. Pola súa banda, Ana González Abeleira, concelleira responsable das aulas nas parroquias, salientou o éxito da iniciativa no ámbito rural, destacando que “non só facilita a conciliación das familias, senón que tamén favorece a integración, a convivencia e o sentimento de pertenza dos cativos e cativas nas súas parroquias”. No proceso de asignación das prazas, o Concello de Lugo prioriza as solicitudes de familias en situación de vulnerabilidade e tamén dá preferencia ás persoas con diversidade funcional, co obxectivo de garantir a súa participación e promover a súa integración nos programas de lecer educativo municipais.

Reclaman un cambio nas políticas forestais cunha concentración

O BNG de Lugo sumouse ás concentracións celebradas en distintos puntos de Galicia para esixir un cambio nas políticas forestais da Xunta ante os incendios que cada verán afectan ao territorio. O portavoz do BNG no Concello de Lugo, Rubén Arroxo, acompañado por cargos orgánicos, representantes institucionais e militantes da formación, participou na mobilización que tivo lugar na cidade amurallada, onde advertiu de que “o modelo actual é un fracaso absoluto”. Arroxo subliñou a necesidade de apostar por “un monte vivo e con futuro, sustentado en iniciativas que permitan previr os lumes e garantir un aproveitamento racional e sostible do noso territorio”. O dirixente nacionalista avanzou que o BNG continuará apoiando as mobilizacións convocadas para esixir “un cambio de rumbo inmediato que protexa os nosos montes, o medio ambiente e o futuro das vilas e aldeas galegas”. Entre as medidas defendidas pola formación atópanse actuacións ex-



traordinarias a curto e medio prazo, como a creación dun fondo para reparar infraestruturas, indemnizacións a particulares pola perda de bens como vivendas ou vehículos, axudas económicas a explotacións forestais, agrícolas e gandeiras afectadas, así como a recuperación ambiental das zonas queimadas. Ademais, o BNG reclama unha política integral preventiva con maior investimento en accións sobre o territorio, como faixas de protección,

cortallumes naturais ou pasteiros para o gando, xunto cunha planificación específica nas áreas de maior risco. A portavoz nacional, Ana Pontón, insistiu tamén na necesidade de reordenar o territorio para afastar as masas forestais das zonas habitadas e industriais, e impulsar un novo modelo de ordenación forestal que configure un monte multifuncional no que se combinen os aproveitamentos forestais e agrarios.

Homenaxe a Moncho Reboiras no 50 aniversario do seu asasinato

O tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroxo, acompañado polo concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, mantivo un encontro con Suso Seixo e Rubén Cela, representantes da comisión formada polas fundacións Galiza Sempre, Terra e Tempo e Moncho Reboiras, impulsora dos actos que conmemorarán o medio século do asasinato de Moncho Reboiras, a derradeira persoa executada polo franquismo en Galicia. Durante a reunión, Arroxo confirmou que o Concello se sumará a estas homenaxes instalando un busto coa figura de Reboiras na cidade, unha acción que se enmarca nas actividades programadas por todo o territorio galego. “Desde Lugo apoiamos esta iniciativa, sumándonos a outras cidades como Compostela ou Ferrol, que tamén colocarán un busto co seu rostro. Outras vilas de Galiza formarán parte desta lembranza a unha persoa asasinada unicamente polos seus ideais”, manifestou. A Tenencia de Alcaldía subliñou que esta será unha nova intervención artística destinada a preservar a memoria histórica, seguindo a liña doutros recoñecementos realizados



polo Concello, como as homenaxes do Día da Galiza Mártir ou a colocación dunha imaxe no Cemiterio Municipal en lembranza das vítimas da represión franquista. Arroxo destacou a relevancia histórica de Moncho Reboiras como “figura esencial na organización da clase traballadora galega” e lembrou a súa implicación na creación do Sindicato Obreiro Galego, precedente da actual CIG. Tamén apuntou que non foi ata 2009 cando o Estado español o recoñeceu oficialmente como vítima do franquismo,

sendo a última persoa asasinada polo réxime na Galicia. Reboiras foi abatido na madrugada do 12 de agosto de 1975, despois de que a noite anterior a Brigada Político Social establecese un operativo no barrio ferrolán de Canido. Ás dúas da mañá, varios efectivos desta unidade, xunto con axentes da Policía Armada, rodearon o edificio no que se atopaba. Durante máis de dúas horas logrou escapar, ata que finalmente foi interceptado no portal dun inmoble da rúa da Terra, onde perdeu a vida.



Por Lugo:

VAI EN BUS

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

#activandolugo

Raiolas, 25 anos de compromiso coa atención ás persoas con autismo

A entidade traballa desde o ano 2000 na mellora da calidade de vida dos afectados de Trastorno do Espectro Autista (TEA) e Trastorno da Comunicación Social (TCS) na provincia de Lugo

Jessica Fernández

A Asociación Raiolas xorde da iniciativa de sete familias que, ante a ausencia de recursos especializados na provincia, decidiron fundar a entidade en 2000. Desde entón, a asociación foise consolidando, sendo declarada de utilidade pública en 2011 e inaugurando o seu centro de día en 2024, un espazo deseñado para atender ata 15 persoas cun servizo psicopedagóxico e de logopedia individualizado e adaptado ás súas necesidades.

A misión de Raiolas céntrase en mellorar a calidade de vida das persoas con TEA/TCS e das súas familias, fomentando a integración. Entre os valores que promove destacan o dereito a ser diferentes, o compromiso de todos os membros da asociación e a calidade na prestación dos servizos. Segundo explica o portavoz da entidade, Iván Ignacio Pérez, “a nosa finalidade é responder con eficacia ás necesidades cambiantes das persoas con autismo e ser un referente na provincia na atención a estas persoas e as súas familias”.

O mes de xullo, coincidindo coa celebración dos 25 anos da entidade, Raiolas presentou a nova xunta directiva, composta por Lucía Candal Costa como presidenta, Benigno Ruiz Nogueiras como secretario, Ana María Castelao Segunde como tesoureira e os vogais Iván Ignacio Pérez Zolghadri (portavoz), Eva Pérez Grijalvo e Margarita Rodríguez Peinó.

“Na nosa Xunta Directiva estamos moi sincronizados coas nosas ideas e un dos aspectos que máis nos preocupa é a autonomía. Necesita-



mos apoio para o futuro e, mentres mantemos os proxectos actuais, tamén temos outros plans de desenvolvemento da autonomía”, explica Iván, tamén usuario de Raiolas. Así, explica que na entidade atenden a 108 usuarios que comprenden todas as idades e diferentes niveis de dificultade, “porque unha persoa diagnosticada con TEA non é igual que outra. Por iso, a autonomía pódese traballar a todos os niveis”. Tamén contan con 13 profesionais distribuídos en sectores como a logopedia, psicopedagogía, psicólogos e terapeuta ocupacional, ademais dunha cociñeira no centro de día.

OS PROXECTOS. Raiolas desenvolve múltiples proxectos e servizos. Entre eles, destaca o servizo de avaliación e diagnóstico, que ofrece unha análise integral e individualizada seguindo guías de boas prácticas e estándares internacionais, así como programas de intervención individualizada en psicoloxía, psicopedagogía, logopedia e terapia ocupacional. Estas intervencións buscan favorecer o desenvolvemento das capacidades

sociais, comunicativas, académicas e laborais das persoas con TEA/TCS, implicando tamén á familia e ao contorno educativo.

A entidade tamén organiza intervencións grupais por idades para xeneralizar aprendizaxes, compartir experiencias e reforzar habilidades sociais e comunicativas, ademais de campamentos urbanos de verán, ociotecas durante Nadal e obradoiros especializados en habilidades sociais, pragmáticas, cociña ou radio. Estes espazos permiten unha aprendizaxe dinámica e fomentan a autonomía e a inclusión das persoas con TEA/TCS. Raiolas Lugo tamén promove eventos e accións solidarias como torneos de golf benéficos, mercados, venda de lotería de Nadal e actos en conmemoración de datas especiais, sempre co obxectivo de fortalecer os lazos entre familias e usuarios. Ademais, a Escola de Familias ofrece formación e orientación para acompañar ás familias no proceso de atención e integración das persoas con TEA/TCS.

O ESTIGMA. O portavoz da entidade

explica que, en canto ao autismo, “existe moito descoñecemento” e que a sociedade en xeral e as persoas en particular deberían “coñecer a cada persoa, porque dúas persoas con autismo non se parecen en nada e non sempre se pode recoñecer a unha persoa con autismo á primeira vista. Hai persoas integradas plenamente na vida cotiá, coa súa profesión e rutina, que non se percibe que teñan autismo, mentres que outras poden presentar diferentes dificultades ou necesidades que requiren adaptacións diversas”. É dicir, subliña, “o autismo é un termo complexo e moita xente segue a percibilo como se entendía hai 40 anos, cando en realidade abarca un espectro moito máis amplo”.

Así, di que o primeiro paso para superar o estigma é que os pais “acepten o diagnóstico cando un fillo ou filla ten autismo”. Moitas veces, explica, non se diagnostica porque non hai uns síntomas moi evidente, pero “o ideal é diagnosticalo canto antes para ofrecer unha atención temperá que favoreza a evolución e a autonomía da persoa”. Con este primeiro paso de aceptación, a persoa con autismo e a súa contorna poden favorecer a evolución deste trastorno, sempre acompañado de familia, profesionais e amizades, que poden ter tamén autismo ou non. Por iso, cre importante “fortalecer a unión entre persoas con dificultades semellantes”. E incide Iván na palabra “dificultades”, xa que o termo “discapacidade” pode asustar aos pais, “e non sempre reflicte a realidade”, explica, e sentenza que “ter autismo implica un proceso que require apoio para coñecerse mellor, sen tomalo como unha nota ou unha etiqueta”.

O portavoz de Raiolas dáunos un exemplo: “Se tes un 50 % de discapacidade intelectual e despois perdes dous dedos no traballo e tes un 50 % de discapacidade física, ¿xa tes un 100 % de discapacidade? É un concepto equivocado. Ter autismo implica un proceso e necesitar un apoio para coñecerse mellor, pero non hai

que tomalo como unha nota. Aprobado, non aprobado, insuficiente... é o sistema que hai e hai que conseguir eses puntos, porque tamén poden permitir acceder a certos servizos. Por iso é importante pasar por ese proceso, pero sen acomlexarse polo número que se obteña”.

O FUTURO. Como proxectos de futuro, Iván comenta que o máis urxente é cambiar o plan das sesións, xa que “temos horarios de atención moi diferentes e imos modificalos en sesións de 30 minutos ou dunha hora. Isto permitiralles ás profesionais a xestionar mellor o tempo para que o persoal técnico teña máis oportunidades de reunirse entre eles para poder ofrecer unha atención máis coordinada aos usuarios”.

Ademais, indica que para poder aumentar a calidade dos servizos, necesitan máis axuda para seguir evolucionando, “xa que estamos chegando á saturación e hai persoas que necesitan atención, pero nin o tempo nin os profesionais son suficientes. Polo que, para seguir medrando, necesitamos financiamento estable; e incrementar significa contratar máis xente. Pero tamén precisamos reforzar a visibilización, porque non se nos coñece o suficiente”, explica.

Así, subliña que “necesitamos que os poderes públicos asuman a súa parte de responsabilidade, porque estamos a realizar un labor que noutro sitio non se leva a cabo. Raiolas nunca debería ter existido, nin debería existir, pero nós cubrimos unhas necesidades das que non se ocupan as autoridades. Por iso, os poderes públicos teñen que axudarnos non só coa boa palabra, senón dotándonos de recursos, porque sempre apreciamos que se nos dea visibilidade, pero hai necesidades concretas que requiren financiamento”.

Nesta liña, lamenta que “hai moitas máis familias ás que poderíamos axudar e non o estamos a facer por falta de medios. De feito, por exemplo, para poder ser usuario ou socio, só acollemos persoas con diagnóstico. Se puidésemos, teríamos máis posibilidades de acoller persoas con sospeita de diagnóstico, pero agora non temos prazas suficientes para atender a ese colectivo”.

Por iso, un dos retos máis importantes para Raiolas nun longo prazo sería promover a creación dunha vivenda inclusiva, como os pisos tutelados, un espazo onde os mozos e mozas poidan desenvolverse de forma autónoma na súa vida diaria, sempre axudados por profesionais e apoiándose mutuamente. É dicir, ter o local de Raiolas, o centro de día e unhas vivendas tuteladas co obxectivo de potenciar a autonomía.

En definitiva, a renovación da Xunta Directiva supón unha oportunidade para seguir ampliando servizos, proxectos e actividades, mantendo como eixo central a autonomía e o desenvolvemento integral das persoas con TEA/TCS.



Lugo acollerá as 36ª Xornadas Luis Asorey, centradas no forestal

A 36ª edición das Xornadas Luis Asorey celebrarase entre o 17 e o 27 de novembro no Salón de Actos do Pazo de San Marcos e incluírá sete conferencias que abordarán os retos, as fortalezas e as debilidades do sector forestal galego.

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente da Real Academia Galega de Ciencias, Juan Manuel Leda Rodicio, asinaban un acordo de colaboración polo que a institución provincial achega 5.000 euros á organización das xornadas.

Tomé destacou a traxectoria da RAGC, que leva case 50 anos promovendo a investigación, o estudo e a divulgación das ciencias, e resaltou a relevancia de analizar o sector forestal cun contexto crítico, marcado por unha vaga de incendios que ameaza o patrimonio natural, a seguridade da poboación e o futuro económico



das zonas rurais.

Como en edicións anteriores, a asistencia será gratuíta, aínda que require inscrición previa a través da Real Academia Galega de Ciencias.

O programa incluírá conferencias sobre a elección de especies para repoboación forestal, sanidade fo-

restal, silvicultura do carballo, valorización da madeira de frondosas, o mercado das frondosas en Galicia e Europa, oportunidades do asociacionismo para unha xestión sostible dos montes e estratexias para o fomento da xestión activa das masas de frondosas.

Os autobuses urbanos acadan en xullo un novo récord de usuarios

Acadouse un novo récord de usuarios e usuarias no transporte público da cidade durante o mes de xullo, que se pechou cun total de 186.454 billetes expedidos. Esta cifra supón un novo récord histórico para este mes, consolidando a tendencia ascendente que vén rexistrando o servizo nos últimos anos.

“Xullo adoita ser un mes con pouco uso do bus urbano, a finalización do curso escolar e as vacacións das veciñas e veciños reducen os despra-

zamentos, máis este ano seguimos a ver un aumento no uso do bus urbano, o que reflicte unha fidelización crecente da veciñanza co transporte público”, sinalou Rubén Arroxo.

A evolución dos datos confirma esta tendencia: en xuño de 2019, un ano antes da baixada no uso debido á pandemia, o servizo rexistraba 116.755 viaxeiros, 18.768 menos que neste ano. O ano pasado, a marca xa foi a maior da historia até o momento, chegando a 171.837 billetes



expedidos. Este 2025 superouse esa cifra en 14.617 billetes.

“O bus urbano segue demostrando que é a mellor maneira de moverse por Lugo”, afirmou Arroxo. “Temos unha rede de liñas que conecta a preto do 90% da poboación e tarifas moi accesibles. Iso está a facer que cada vez máis xente escolla o transporte público no seu día a día.”

Inician a actualización da normativa do Consello Escolar Municipal

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, informou dos asuntos aprobados hoxe na Xunta de Goberno Local referentes ás áreas da Tenencia de Alcaldía, entre os que se inclúen procedementos en Educación, Participación e Infraestruturas.

Arroxo anunciou a aprobación inicial da modificación do regulamento do Consello Escolar Municipal, un documento que, segundo explicou, data de 1997 e precisa dunha revisión reclamada pola comunidade educativa para mellorar o seu funcionamento. Con esta aprobación iníciase o proceso de cambio do regulamento, xa validado no

último Consello Escolar Municipal, que agora deberá someterse a exposición pública e debate no pleno. Entre as novidades destacan a redución do tempo de espera na segunda convocatoria das reunións, que pasa dunha hora a 30 minutos, así como unha modificación na representatividade, que contará con dous membros de primaria e dous de infantil, fronte á composición anterior con dous de primaria e un de infantil. Tamén se simplifican os procedementos de votación e elección do alumnado tras detectarse complicacións no sistema previo.

O PP insta a mellorar a protección de usuarios e traballadoras do SAF

O Partido Popular reclamou que o Concello de Lugo exerza plenamente as súas competencias sobre o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), aprobando protocolos que protexan tanto aos usuarios como ás traballadoras, e avanzando cara á creación dun convenio propio que mellore as súas condicións laborais.

A voceira popular subliñou que, cun orzamento municipal de máis de 121 millóns de euros, o Concello debe facer unha aposta decidida polas persoas, especialmente cando se trata dun servizo de competencia municipal. Entre as medi-

das solicitadas destacan a aprobación de protocolos de prevención e protección e a implantación dun convenio propio, seguindo o modelo aplicado ás traballadoras da limpeza dos edificios municipais, para as que se acadou un acordo no pleno de marzo de 2024.

O PP sinalou que esta iniciativa se impulsa por varios motivos: a finalización do contrato do SAF o próximo ano, a necesidade de decidir sobre a súa privatización, a coincidencia co caso ocorrido en Porriño e, sobre todo, as denuncias reiteradas das traballadoras lucenses sobre situacións de desprotección.

Láser SHR System

- Rápido
- Eficaz
- Indoloro

ORBALLO ESTÉTICA INTEGRAL E BIENESTAR

Comenzamos en Septiembre ¡Reserva ya tu cita!

Consulta precios y promociones escribiendo whatsapp al 636 384 715

Ronda das Fontiñas 320, baixo · 636 384 715 · www.orballoestetica.com

OBRASY REFORMAS JATO

Albañilería · Pladur · Pintura · Fontanería
Restauraciones · Acondicionamientos
Mantenimientos · Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

Achega de 35.000 euros a Cogami para manter o centro terapéutico

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o presidente da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI), Anxo Antón Queiruga Vila, renovaron no Pazo de San Marcos o convenio de colaboración polo que a institución provincial destinará 35.000 euros ao mantemento do Centro de Atención Diúrna Terapéutica de Fingoi. Tomé destacou que as políticas sociais son un eixe fundamental da acción de goberno e subliñou que este proxecto contribúe a construír unha sociedade máis igualitaria, onde todas as persoas teñan as mesmas oportunidades con independencia das súas capacidades. A achega provincial supón o 70 % do orzamento necesario para cubrir os gastos deste recurso, que atende a arredor de trinta persoas con discapacidade. Grazas ao apoio económico, os usuarios e usuarias poden participar en actividades destinadas a mellorar

a súa independencia funcional, así como as súas habilidades cognitivas, comunicativas e físicas, favorecendo un desenvolvemento máis autónomo. Ademais de medios materiais, como equipamento informático, conexión a internet, aulas adaptadas e material de rehabilitación, o convenio permite financiar os custos do persoal, formado por arredor de oito profesionais, entre os que figuran un pedagogo, un educador social, un monitor con coñecementos informáticos, un logopeda e un traballador social. Este centro complementa outros servizos que COGAMI ofrece noutros puntos da provincia, como programas de intermediación laboral ou obradoiros formativos, iniciativas nas que tamén colabora a Deputación. Neste sentido, a institución provincial destina outros 35.000 euros para impulsar un taller na Ulloa orientado a favorecer a inserción laboral das persoas con discapacidade.



Unhas 10.000 persoas visitaron as piscinas de Frigsa no mes de xullo

Preto de 10.000 persoas acudiron o pasado mes ás piscinas exteriores de Frigsa, unha das instalacións municipais máis concorridas polos veciños e veciñas de Lugo durante o verán. Segundo explicou o concelleiro de Deportes, Jorge Bustos, as cifras de asistencia mantéñense en liña con anos anteriores, aínda que cada vez son máis os convenios e acordos con clubs, asociacións deportivas e campamentos, que permiten aos máis pequenos facer uso destas instalacións con prezos especiais ou abonos subvencionados polo Concello. A climatoloxía condicionou a afluencia

en xullo, con xornadas nas que se rexistraron menos de 50 entradas e outras nas que se alcanzaron preto de 850 usuarios. Un ano máis, a área de Deportes decidiu manter tanto o prezo das entradas como o custo dos abonos. As piscinas permanecerán abertas ata o 31 de agosto, en horario de 12.00 a 20.30 horas de luns a venres, e cun peche media hora antes durante as fins de semana. Na primeira semana de agosto, a media de asistencia xa superou a de xullo, unha tendencia que se espera manter ata final de tempada.

Acordo de Xunta e Concello para ter comedor na escola Fingoi 2

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional enviou ao Concello de Lugo un convenio de colaboración que permitirá ofrecer o próximo curso o servizo de comedor na Escola de Educación Infantil Fingoi 2. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, indicou que, se o Concello acepta o acordo, ambas administracións asinarán o convenio para proceder á instalación dunha aula móbil que acollerá provisionalmente o comedor. Arias explicou que a prestación do servizo de comedor neste centro é unha responsabilidade do Concello de Lugo, pero a Xunta “implicouse para responder á demanda das familias, ideando unha solución que despois de meses de traballo está a punto de facerse realidade”. Segundo o acordado, a Consellería instalará un módulo desmontable nunha parcela de propiedade mu-



nicipal anexa ao centro e asumirá os custos do acondicionamento e mantemento durante a vixencia do convenio, que será de dous anos con posibilidade de prórroga dun ano máis. Pola súa banda, o Concello cederá o uso de 100 metros cadrados da súa titularidade e prestará o servizo de comedor. O delegado lembrou que se tra-

ta dunha solución temporal “para atender canto antes á comunidade educativa mentres non se execute o proxecto de ampliación da escola infantil”. Ademais, destacou o compromiso firme da Xunta para colaborar na reforma do inmoble municipal, co fin de que poida ofrecer máis e mellores dotacións educativas.

Unha ruta solidaria recadará fondos para Alume Saúde Mental

A Asociación Provincial de Amigos do Camiño de Santiago anunciou a segunda edición da súa ruta solidaria, que nesta ocasión destinará os fondos recadados á entidade Alume Saúde Mental. A presentación do evento contou coa participación do delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias; o presidente da asociación xacobeá, Ángel Trabada; os representantes da Garda Civil de Lugo, Jesús Montaña e Carlos Freire; e o presidente de Alume, Manuel Fernández.

O percorrido será de 10 quilómetros polo Camiño Primitivo, unindo Bascuas co centro de Lugo. Os participantes concentraranse ás 9.00 horas na praza de Breña, desde onde partirán en autobús ata o punto de inicio. As inscricións poderán formalizarse ata o 22 de setembro, cun custo de 10 euros, mediante ingreso na conta bancaria da asociación (ES70 2080 0163 8930 4006 5919). Ademais, quen non poida asistir poderá colaborar adquirindo un “Dorsal 0” por 7 euros.

EN BREVE

AUXILIA LUGO. Auxilia Lugo convoca á cidadanía a participar na súa Gala Solidaria o próximo 12 de setembro, que se celebrará ás 18:30 horas no Auditorio Municipal Gustavo Freire. A iniciativa contará coa colaboración do cantante Adrián Vigo, do grupo Airiños de Orbazai e da formación Milesios, prometendo unha tarde de música e solidariedade. As entradas terán un prezo solidario de 10 euros, dispoñibles o propio día do evento, mentres que aqueles que non poidan asistir poden colaborar mediante a Fila 0 con unha doazón de 8 euros a través do código BIZUM 12495.

ASFEGA. A Asociación de Enfermidades Metabólicas Hereditarias de Galicia, ASFEGA, organiza unha gala solidaria en Lugo que terá lugar o vindeiro 6 de setembro no Auditorio Municipal Gustavo Freire a partir das 19:00 horas. A gala contará con actuacións de humoristas como Carlos Blanco, Quico Cadaval, Lois Pérez, Laura La Montagne, Ángeles Goás, Tino Barros e Juan Meniño. As entradas poderán adquirirse a través do portal kadelica.com a un prezo de 15 euros, con desconto a 8 euros para familiares de persoas afectadas e gratuíta para as persoas con enfermidades metabólicas hereditarias, así como a 5 euros na fila 0. A recadación destinarase a apoiar ás persoas con estas enfermidades, reducindo o custo de produtos básicos como fariñas ou cereais.

CAMPAMENTO DE MOTOCRÓS



O circuíto municipal Jorge Prado de Lugo acolleu un campamento de motocrós no que participaron 70 nenos e nenas de entre 4 e 13 anos procedentes de sete comunidades autónomas, nunha cita organizada polo club madrileño 8.14 Army, que por segundo ano consecutivo escolleu as instalacións lucenses para o seu desenvolvemento.

O barrio da Milagrosa arranca o día 3 as súas festas de setembro

O barrio da Milagrosa en Lugo xa ten listo o seu cartel festivo para este setembro, cunha programación variada e chea de música, actividades e diversión para todas as idades. As festas darán comezo o mércores 3 e prolongaranse ata o domingo 7, cunha ampla oferta de concertos, verbenas e actuacións. O mércores 3, o pregón correrá a cargo de Erik Quintela, capitán do Río Breogán, seguido pola actuación da Mekánica Rolling Band e o ritmo de El Combo Dominicano, que promete animar a noite coa súa enerxía caribeña.

O xoves 4, será a quenda dunha das formacións máis esperadas: París de Noia, que traerá á Milagrosa a súa posta en escena espectacular. O venres 5, haberá actuacións para todos os gustos, desde os tradicionais Airiños de Orbazai, pasando polos Heredeiros da Crus, icónica banda do rock galego, ata a sesión



DJ de Casanova e o espectáculo de Os Valuros.

O sábado 6 celebrábase cun completo programa que inclúe un concerto infantil con Uxía Lambona e a Banda Molona, a verbena de Tapyoka, e a actuación de Gin Toni's, unha das bandas revelación no panorama das verbenas.

Finalmente, o domingo 7, as festas

pecharanse cunha dobre sesión a cargo da orquestra Costa Dorada e o espectáculo móbil de La Duendeta, que manterá o ambiente festivo ata o último momento.

As festas da Milagrosa contan co apoio do Concello de Lugo, a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e numerosos patrocinadores e colaboradores locais.

Críticas ao estado do mobiliario urbano

AUCIN Lugo denunciou o estado crítico dos bancos da rúa Mazaira, que, segundo sinalan, están a padecer unha grave falta de mantemento por parte do Concello. Aseguran que estes elementos de uso público presentan madeira astillada, podrecida e, nalgúns casos, están totalmente inutilizables, o que non só afeia a imaxe da cidade, senón que supón un risco para a seguridade das persoas que intentan facer uso deles.

UCIN considera que esta situación é un exemplo evidente da desidia na xestión do mobiliario urbano, e lembra que non se trata dun caso illado. "É un reflexo da política do goberno



local, que aposta por investimentos de maior visibilidade mentres abandona zonas que tamén merecen atención", sinalan.

A formación lembra que o Concello

destinou 30.000 euros á renovación de mobiliario en zonas verdes, mentres espazos como a rúa Mazaira quedan "relegados ao esquecemento".



Récord de visitas ás instalacións municipais de xestión da auga

Concello de Lugo e Gestagua pechan con cifras récord unha nova edición do programa de visitas formativas ás infraestruturas de xestión do ciclo integral da auga que xestiona a empresa concesionaria, e que se realiza entre os meses de marzo e maio. As estacións municipais de tratamento e depuración (ETAP e EDAR) recibiron durante o curso 2024/2025 a máis de 1.550 estudantes, de 23 centros de ensino, o que supón máis do dobre de participantes e de centros educativos rexistrados o ano anterior, no que se contabilizaron 600 participantes. De feito, a asistencia deste ano foi un 132 por cento máis que a do ano pasado.

O programa, que se desenvolveu entre os meses de marzo e maio, rexistrou un total de 57 visitas reais, con 62 inscricións procedentes de practicamente todos os centros educativos da cidade, ademais de varios centros do resto da provincia e de Ourense, como o CIFP A Farixa, o CPI de Friol, o IES Río Miño ou o CPI Uxío Novoneyra, supoñendo un aumento de visitas do 46 por cento respecto á anterior edición deste programa educativo.

Un dos principais avances deste curso foi a renovación do espazo e do

contido didáctico das visitas, incluíndo maquetas verticais, paneis explicativos e unha nova proposta expositiva que ofrece unha visión integral do ciclo da auga, desde a captación no río Miño ata a súa devolución ao medio natural tras o proceso de depuración.

A acollida do programa foi excelente: o cen por cento dos centros enquisados afirma que repetiría a experiencia o próximo curso, mentres que as valoracións da organización, o contido e o labor dos monitores sitúanse por encima de 9 sobre 10.

De cara ao futuro, Concello de Lugo e Gestagua continuarán a mellorar un programa que evoluciona cara a unha iniciativa de divulgación aínda máis ambiciosa, que inclúa accións na contorna do río Miño e actividades educativas nas aulas sobre o ciclo da auga. O obxectivo pasa por seguir inspirando ás novas xeracións da importancia de coidar un recurso vital como a auga.

Gestagua opera o ciclo integral da auga en toda España desde 1986. Na actualidade, o grupo xestiona máis de 550.000 habitantes en depuración en toda España e aposta por un crecemento sostido neste ámbito nos próximos anos.

Grupos de Mañana y tarde, amplio horario

ESO
Matemáticas, Física y Química, Tecnología

BAC
Matemáticas, Matemáticas Aplicadas, Física, Química, Tecnología

Ciclos FP
Laboratorio, Laboratorio de Análisis, Control de Calidad

Universidad
-Grado en Bioquímica: Química física 1 y 2, Química Analítica, Orgánica
-Grado en Ingeniería de Procesos Químicos. Química, Física, Orgánica

Preparación de la PAU

Acceso a Universidad mayores de 25

Avenida de A Coruña, 21 - Galerías, Local 4 - 27003
academiademanuel@gmail.com • Tels.: 982 985 380 - 686 353 379

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es



O PP recolle demandas veciñais en Labio, Esperante e Pedreda

O grupo municipal do Partido Popular de Lugo reuniuse cos veciños de Esperante no seu local social co obxectivo de dar conta do traballo realizado, informar das cuestións que afectan tanto á parroquia como ao municipio, e, sobre todo, recoller peticións e suxestións da veciñanza.

Entre as principais críticas recollidas estivo a subida do IBI, exemplificada no caso de José Luis, un veciño que pasou de pagar menos de 40 euros a máis de 170 por un terreo no que non é posible construír. Tamén se abordou a situación do convenio de saneamento e abastecemento, denunciando que o Concello leva máis de 15 meses sen responder ao requirimento de Augas de Galicia, o que, segundo o PP, evidencia unha confrontación co Executivo autonómico que está a bloquear investimentos en servizos básicos no rural.

Outro punto tratado foi a posta en valor da igrexa parroquial, un proxecto con gran potencial histórico e patrimonial que fora solicitado polos veciños en encontros anteriores. O PP e os asistentes agradeceron á Xunta de Galicia o investimento realizado para a recuperación deste ben patrimonial.

PEDREDA. “O rural lucense merece feitos, non máis promesas incumpridas”. Con esta mensaxe, o Grupo Municipal do Partido Popular de Lugo reuniuse cos veciños de Pedre-

da, quen volveron denunciar a falta de palabra do actual alcalde, Miguel Fernández. “A ponte que unía Pedreda con Rubiás caeu hai máis dunha década e dende entón o goberno municipal leva 14 anos repetindo que a vai reconstruír”, dixo.

En novembro de 2023, o propio alcalde asegurou en pleno ter a vontade, o financiamento e os recursos necesarios para acometer a obra a través do Plan Único. Non obstante, tras a aprobación dos plans de 2023, 2024 e 2025, “non existe nin un só avance”, afirman.

Os populares consideran inaceptable esta parálise e esixen que se execute de inmediato a reconstrución da infraestrutura, que ademais de supoñer un risco pola falta de sinalización, obriga aos residentes da zona a dar un rodeo de case catro quilómetros.

LABIO. Elena Candia criticou que en Labio levan xa quince anos agardando a que o Concello complete a rehabilitación da antiga escola, un proxecto que o propio goberno municipal puxo en marcha e nunca concluíu. As obras iniciáronse no ano 2009 a través dun obradoiro de emprego impulsado polo Concello de Lugo e financiado con fondos do Fondo Social Europeo, cun orzamento que superou o medio millón de euros. Ese plan contemplaba a restauración de dúas escolas, entre elas a da Airexe, en Labio.

Denuncian o intento de peche do Centro de Saúde de Nadela

O BNG volveu amosar o seu apoio á veciñanza de Nadela, en Lugo, que leva anos mobilizándose para impedir o peche do seu centro de saúde durante os meses de verán.

O portavoz municipal, Rubén Arroxo, e a deputada no Parlamento galego, Montse Valcárcel, mantiveron un encontro cos veciños e veciñas da parroquia, denunciando o que consideran “unha estratexia do PP de desmantelamento da sanidade pública”. Arroxo lembrou que “cada ano a Xunta remata anunciando que volverá abrir o centro despois das protestas da veciñanza e do BNG”, unha situación que, segundo indicou, evidencia a falta de compromiso do Goberno galego coa atención sanitaria no rural.

Pola súa parte, Montse Valcárcel subliñou que este centro dá servizo a máis de 700 persoas, moitas delas maiores ou con problemas de mobilidade, e criticou que “durante o verán a Xunta obrigue á veciñanza a



desprazarse de maneira innecesaria a outros centros de saúde”. A deputada advertiu de que “a atención primaria é a porta de entrada ao sistema sanitario e está a vivir unha situación límite pola precarización impulsada desde a Xunta”.

O BNG comprometeuse a seguir apoiando as mobilizacións e levan-

do a problemática ás institucións. Valcárcel concluíu asegurando que, “grazas á loita da veciñanza e ao apoio do BNG, Nadela volverá contar co seu centro de saúde a partir de setembro”, ao tempo que advertiu contra os intentos de peche nun contexto de “desmantelamento da sanidade pública”.

Desbrozan e limpan máis de 40 quilómetros de vías en 15 parroquias

A brigada de Cohesión Territorial do Concello de Lugo levou a cabo nas primeiras semanas do verán traballos de desbroce e limpeza en máis de 15 parroquias do municipio, actuando en máis de 40 quilómetros de pistas e camiños. As intervencións centráronse na mellora de vías rurais, accesos a núcleos e espazos comunitarios como campos da festa ou contornos de igrexas.

Os labores realizáronse con persoal municipal, a través dunha brigada de catro operarios equipados con desbrozadoras manuais e sopladores, contando ademais co apoio de maquinaria do parque móbil, incluíndo un tractor con desbrozadora de brazo articulado que facilitou a actuación en tramos máis longos. A concelleira de Cohesión Territorial, Ana Abelleira, explicou que a planificación destes traballos responde ás necesidades reais das parroquias, que se intensifican no verán pola celebración de festas e romarías, así como pola actividade agrícola e forestal. Destacou que o obxectivo é ofrecer servizos dignos e de calidade á veciñanza do rural

tamén nestas datas, reforzando o compromiso do Goberno local coas zonas non urbanas.

As parroquias do concello de Lugo nas que se actuou inclúen Ribas de Miño, Cuiña, Monte de Meda, Soñar, San Xoán do Campo, Coeses, Torible, Vilamoure, Pías, San Pedro de Mera, Orbazai, O Veral, Mazoi e Muxá, ademais de intervencións recentes en Góndar e novamente en San Xoán do Campo. En lugares como Ribas de Miño traballouse no acondicionamento do campo da festa, mentres que noutros puntos se limpou o acceso a espazos públicos de uso frecuente.

Abelleira salientou tamén a implicación e coñecemento do territorio por parte do equipo municipal, subliñando que cada quilómetro desbrozado supón un paso máis cara á igualdade real de servizos para todo o municipio. Avanzou que o dispositivo continuará operativo nas próximas semanas para atender o resto das parroquias, seguindo a planificación anual de melloras nas vías e espazos públicos das 54 parroquias de Lugo.

Envían forraxe ás granxas arrasadas polos incendios

A solidariedade entre gandeiros está a volver a ser protagonista ante a vaga de incendios forestais que están a afectar especialmente á provincia de Ourense. Ao igual que xa fixera no ano 2017 tralos lumes nos Ancares, a asociación de gandeiras e gandeiros Agromuralla está a levar forraxe ás zonas afectadas para alimentar o gando das explotacións que perderon os pastos.

O primeiro envío é de 4 camións de rolos de herba seca, 2 en Guimarei (Monterrei) e outros dous en Santiago (A Mezquita), e 2 a San Xulián de Valdeorras (A Rúa).

Os destinatarios son gandeiros de vacún, ovino e caprino destas zonas que non teñen que dar de comer aos animais, pois o lume das últimas semanas arrasou os pastos de montaña nos que tiñan o gando nos meses do verán e nalgún caso mesmo queimou as instalacións nas que tiñan almacenada a forraxe para o inverno. Diante desta situación de emerxencia, Agromuralla iniciou unha campaña de recollida de forraxe entre os seus socios e outros gandeiros e a resposta está a ser moi boa.

O envío de forraxe será mantido no tempo, nas vindeiras semanas e meses, para permitir a alimentación do gando no inverno. “Seguiremos levando silo e herba seca de maneira escalonada”, explicaron.

j.m.rivas ACADEMIA

C/ Dr. Fleming, 8 - Lugo
Tel: 982 815 622

OPOSICIONES MAESTROS

PRIMARIA

- Temario propio
- Toda la legislación resumida
- Resolución de casos prácticos
- Elaboración de la P. Didáctica
- Defensa de la P. Didáctica
- Exposición de la U. Didáctica
- Simulacro de examen
- Grupos reducidos

jmrivas.es

pérTiga

C/ Juana Nogueira, 7B - Santiago
Tel: 981 553 622

ASOCIADOS EN LUGO

OPOSICIONES ENSEÑANZA SECUNDARIA

- Tecnología
- Matemáticas
- Física y Química
- Informática
- Sistemas Electrónicos
- Sistemas E. y Automáticos

pertiga.es

CURSO DE PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

del 13 de septiembre al 25 de octubre

Cultura destinou máis de 21.000 euros ás festas parroquiais

A Concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, subliñou a colaboración da Tenencia de Alcaldía coas distintas comisións de festas das parroquias de Lugo. Ferreiro explicou que neste 2025 xa se colaborou con 47 parroquias, cun investimento de 21.150 euros nas diferentes celebracións. A responsable municipal destacou que as comisións organizadoras contan con grupos de música de todos os estilos, sendo a Área de Cultura a encargada de cubrir o pagamento das agrupacións para facilitar que a cultura chegue a todas as parroquias e barrios da cidade.

Cada parroquia ou barrio pode recibir 450 euros para a animación musical, sendo as solicitudes presentadas polos integrantes das comisións ou asociacións organizadoras ante a Área de Cultura. Os servizos técnicos municipais avalían as solicitudes e, posteriormente, a Área facilita a contratación do grupo musical.

O Goberno de Lugo apoia todas as agrupacións musicais da cidade, incluíndoas nas actividades culturais e



promovendo ciclos exclusivos como o Muralleando, pensado para dar visibilidade ás formacións locais.

CRÍTICAS Á XUNTA. A Federación de Asociacións de Veciños de Lugo “Lucus Augusti” manifesta que en ningún momento se opón ás axudas destinadas ás festas patronais. Pola contra, defende activamente o seu valor, xa que moitos dos seus membros participaron e participan na organización deste tipo de eventos, polo que resulta absurdo pensar que poidan estar en contra de que a Xunta de Galicia colabore

economicamente con estas actividades.

O que esta federación rexeita con firmeza é “a existencia dun sistema de axudas sectorio, discriminatorio e opaco, sustentado nun programa sen base legal, que exclúe aquelas asociacións que non comparten a ideoloxía do actual goberno galego ou que manifestan unha postura crítica co mesmo”. Segundo denuncia a federación, mesmo logo de ser concedidas, as axudas poden ser retiradas se as persoas ou entidades beneficiarias expresan críticas cara á Xunta de Galicia.

A Deputación e Asefoga únense para impulsar novos cultivos

O presidente da Deputación, José Tomé, asinou un convenio co presidente da Asociación Sectorial Forestal Galega (Asefoga), Jacobo Feijóo Lamas, polo que a institución achega 40.000 euros para dar continuidade a un proxecto conxunto destinado a promover o cultivo sostible de froitos do bosque como oportunidade económica para o rural.

Tomé destacou a importancia de impulsar “propostas con retorno social e económico para o rural, que xeren oportunidades e que conecten a xestión responsable cun modelo produtivo sostible e con futuro”.

O acordo recolle a creación dunha rede de nove oficinas físicas de asesoramento situadas nos concellos de Becerreá, Chantada, A Fonsagrada,

Guitiriz, Lugo, Monterroso, Viveiro, Sarria e Vilalba. Nelas, persoal especializado ofrecerá atención personalizada e material divulgativo gratuito, ao tempo que tamén se prestarán servizos a distancia mediante medios dixitais e redes sociais.

Ademais, grazas á colaboración provincial, realizarase un seguimento constante da parcela piloto de froitos do bosque establecida na provincia, asumindo labores de mantemento como podas, reposición de exemplares ou recollida da colleita. Os froitos do bosque, como arandos, framboesas ou moras, destacan pola súa adaptabilidade a condicións adversas, pola crecente demanda e pola súa viabilidade en pequenas parcelas, moi frecuentes en Lugo.

O Concello investirá máis de 220.000 euros na mellora viaria nas parroquias

A área de Cohesión Territorial levará a cabo dúas actuacións de mellora viaria no rural cun investimento total de 220.092,13 euros. Os traballos permitirán acondicionar estradas municipais en San Xoán do Alto, Santa Comba, Nadela, San Xoán da Pena e San Andrés de Castro, mellorando a seguridade viaria e o acceso aos servizos públicos.

Na primeira intervención actuarase no vial de acceso ao núcleo de Abelairas, na parroquia de San Xoán do Alto, e nos accesos ao núcleo de Pacios, en Santa Comba. Os

traballos consistirán na limpeza de gabias, reparación de beiravías, fresado puntual, renovación do firme con mestura bituminosa en quente e reposición da sinalización horizontal. O orzamento ascende a 124.143,11 euros IVE incluído, cun prazo de execución de tres meses e unha garantía de 48 meses.

A segunda actuación contempla melloras no acceso principal ao núcleo de San Andrés de Castro, na contorna da igrexa parroquial, nun vial próximo ao colexio de Nadela e no acceso á urbanización de San Xoán

da Pena. Inclúe tamén a renovación do firme, melloras na drenaxe —especialmente no tramo con pendente de Nadela— e nova sinalización horizontal. O investimento será de 95.949,02 euros IVE incluído, cun prazo de execución igualmente de tres meses e a mesma garantía de 48 meses.

A estas actuacións sumaranse novas melloras nas parroquias de Romeán, rúa Xián, Piñeiro, O Burgo e Piugos.

O PP de Lugo reclama a variante da estrada LU-P 2901 en O Burgo como unha demanda histórica

O grupo municipal do Partido Popular de Lugo desprazouse á parroquia de O Burgo dentro da súa ronda de encontros coa veciñanza do rural, na que recollen as principais necesidades e preocupacións.

Entre as peticións máis reiteradas destaca a construción dunha variante na estrada LU-P 2901, que coincide cun tramo do Camiño Primitivo, unha actuación que consideran urxente e que segue sen levarse a cabo.

Os populares mostran o seu respaldo á principal reclamación veciñal,

lembrando que a convivencia entre o paso constante de peregrinos e o tráfico de maquinaria agrícola converte esta obra nunha necesidade ineludible para garantir a seguridade viaria.

O grupo municipal salientou que xa durante o mandato presidido polo popular Francisco Cacharro quedara planificado un proxecto para construír a variante de O Burgo, coa intención de mellorar tanto a seguridade como a calidade de vida da parroquia, mais nunca chegou a materializarse.

CENTENARIO



A parroquia de Coea viviu un emotivo momento coa celebración do 100 aniversario de Pepe Carballo López, veciño moi querido que cumpriu un século de vida. A ocasión reuniu á súa familia nunha xornada chea de afecto e lembranzas, na que destacou a presenza do seu irmán de 92 anos, testemuña viva dunha longa historia compartida.

SI QUIERES REFORMAR TU HOGAR...

MUEBLES DE COCINA Y DE BAÑO A MEDIDA
MAMPARAS · ARMARIOS EMPOTRADOS
ELECTRODOMÉSTICOS
REFORMA INTEGRAL DE VIVIENDA
INTERIORISMO Y DECORACIÓN

VEN Y CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO. ¡¡¡NOS ENCARGAMOS DE TODO!!!

Rúa da Liberdade 88, baixo. 27600 Sarria - Tel.: 646 606 335

Lugo celebrará o seu 2050 aniversario con actividades para todos

A Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo, en colaboración coa vicepresidencia da Deputación, organizará unha serie de actos para conmemorar o 2050 aniversario da fundación da cidade, considerada a máis antiga de Galicia e datada no ano 25 antes de Cristo. A concelleira de Cultura, Maite Ferreiro, xunto co tenente alcalde, Rubén Arroxo, e a deputada de Cultura, Iria Castro, anunciaron que ambas institucións traballan conxuntamente nun programa de actividades que per-

mitirá achegar a historia de Lugo á cidadanía e afondar no coñecemento dos seus 2050 anos de traxectoria.

Ferreiro explicou que o obxectivo é poñer en valor o extraordinario patrimonio histórico lucense e avanzou que a programación, prevista para o último trimestre do ano, incluírá conferencias divulgativas sobre a historia da cidade, así como diversas propostas culturais no Museo Provincial e na rede museística dependente da área de Cultura.



Organizan unha mostra con obras de artistas das residencias da provincia

O Pazo de San Marcos acolle a exposición O (Re)encontro, unha mostra que reúne unha vintena de obras de arte contemporánea realizadas por artistas que participaron en residencias da Rede Museística Provincial nos últimos anos, especialmente no marco do proxecto Estudio Aberto. A deputada de Cultura inaugurou esta cita na Sala de Exposicións, destacando que os museos provinciais, máis alá de seren espazos expositivos, funcionan como lugares de acollida e inspiración para creadores de diferentes xeracións, disciplinas e procedencias.

A exposición ábrese con pezas de Mónica Trastoy, Ana Arregui, Luciana Rago e Miguel Benjumea, elaboradas durante a súa estadía esta semana no Pazo de Tor. As obras inspíranse na colección permanente, na arquitectura e na historia do edificio, tomando como referencia elementos como o mapa de Fontán, un gravado de Teóphle Steinlen, un cadro de María Magdalena no Salón de Xogos, a pel de leopardo que de-

cora o Salón Norte ou os piares de pedra visibles na planta baixa tras o proxecto Soterradas

A mostra complétase cunha selección doutra quincena de artistas que participaron en Estudio Aberto ao longo da última década na mesma Sala de Exposicións, entre eles Ruth Montiel Arias, Neves Seara, Christian Villamide, Xosé Reigosa, Basilisa Fiestras, Reme Remedios, Lomarti, Roi Domínguez, David Fidalgo, Mar Ramón, Román Corbato, Félix Carpio, María Xosé Domínguez, Nuria Ruibal, Isabel Alonso, Gema López, Melania Freire, Bibi Martín, José Manuel Vidal, Senén Olano, Paz Vicente e Marcela Mastroiani, varios deles presentes na inauguración

A cita, que se poderá visitar ata o 14 de setembro, inclúe a futura edición dun catálogo que recollerá a traxectoria de Estudio Aberto, documentando os procesos creativos, así como o compromiso da Rede Museística Provincial co patrimonio cultural, os dereitos culturais e a accesibilidade.

O Vello Cárcere, candidato a ser Lugar de Memoria Democrática

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, recibirá o vindeiro mércores 3 de setembro ao secretario de Estado de Memoria Democrática, Fernando Martínez, no complexo de O Vello Cárcere.

A visita ten como obxectivo mostrar o resultado da rehabilitación integral do inmovible e presentar formalmente a súa candidatura para ser recoñecido como Lugar de Memoria Democrática.

“O Vello Cárcere é moito máis ca un edificio recuperado: é unha referencia da historia da nosa cidade e un espazo que fala do compromiso de Lugo coa memoria e cos valores democráticos”, afirmou Miguel Fernández, quen salientou que a candidatura “non é só un trámite administrativo, senón unha maneira de recoñecer a verdade e dignificar a memoria de todas as vítimas da represión”.

A antiga prisión, inaugurada a finais do século XIX, foi escenario da represión durante a Guerra Civil e a ditadura franquista. Polas súas celas pasaron numerosos presos políticos, entre eles o doutor Rafael de Vega, moitos deles condenados a longas penas ou á morte. Co tempo, a súa memoria converteuse nun



símbolo do silencio e da represión que forma parte da identidade histórica de Lugo e de Galicia.

O proceso de rehabilitación impulsado polo Concello permitiu recuperar o valor patrimonial e arquitectónico do edificio, que hoxe funciona como centro cultural aberto á cidadanía, acollendo exposicións, programas sociais e actividades de divulgación que fomentan a reflexión crítica e a defensa da democracia.

O recoñecemento como Lugar de Memoria Democrática suporía un paso máis na dignificación das vítimas e no compromiso da cidade

coa xustiza histórica. “Lugo ten o deber e a vontade de conservar este espazo como testemuña viva do que nunca debe repetirse”, engadiu o alcalde, quen destacou que cada actividade en O Vello Cárcere “é unha chamada a lembrar e a construír unha sociedade máis xusta e máis libre”.

A visita de Fernando Martínez reforzará a candidatura e permitirá avanzar na inclusión no rexistro estatal de lugares de memoria, un recoñecemento que consolidaría a Lugo como referente na preservación da memoria histórica en España.

O Movemento Cívico esixe a creación dunha facultade de Enfermaría

A Federación Veciñal Lucus Augusti e o Movemento Cívico Campus Lucense manifestan o seu compromiso coa defensa e promoción do Campus Universitario de Lugo, especialmente da Escola de Enfermaría, que consideran fundamental para manter o peso do campus dentro da universidade galega.

Este movemento, formado por case cen entidades sociais, sindicais, empresariais, políticas e gobernamentais, naceu hai máis de ano e medio para frear a redución de titulacións no Campus Terra e hoxe centra a súa preocupación na recente modificación do modelo de dependencia académica da Escola de Enfermaría.

A Consellería de Sanidade e a Universidade de Santiago de Compostela asinaron un acordo polo cal a Escola de Enfermaría de Lugo pasará a depender académicamente da Facultade de Enfermaría de Santiago, o que implica para Lugo

unha perda de autonomía e peso académico.

Desde a Federación e o Movemento Cívico demandan a paralización deste acordo e a apertura dun proceso de diálogo para a creación dunha verdadeira facultade de Enfermaría en Lugo, que conte con capacidade docente e investigadora plena, así como con órganos de goberno autónomos.

A diferenza entre escola e facultade é fundamental: mentres a escola pode impartir docencia, non dispón dunha estrutura propia de investigación nin dunha representación institucional relevante dentro da universidade, aspectos que, ao seu entender, son imprescindibles para garantir a consolidación e o prestixio do campus lucense a longo prazo. Ademais, expresan a súa preocupación polo futuro da Escola de Relacións Laborais, cuxo panorama é similar ao da Escola de Enfermaría.

A mostra ‘Miradas. Mulleres na arte’ no Pazo de San Marcos

A pintora e docente Elsa Martínez presentou no Pazo de San Marcos a publicación *Miradas. Mulleres na arte*, un volume que documenta o proxecto artístico que percorreu diversos espazos expositivos de Galicia ao longo do último ano.

A obra recolle retratos de 43 mulleres artistas de distintas disciplinas —pintoras, escultoras, escritoras e actrices— correspondentes aos séculos XVI ao XX, e foi editada co apoio da área de Cultura da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que colaborou na súa publicación.

Entre as creadoras representadas figuran figuras galegas como Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán ou Maruxa Mallo, así como artistas internacionais como Marie Louise Élisabeth Vigée Lebrun, Camille Claudel, Daphne du Maurier, Leonora Carrington, Gerda Wegener, Frida Kahlo, Pier Angeli ou Virginia Woolf. “Este proxecto xurdiu para poñer en valor o traballo e talento das mulleres artistas que quedaron invisibilizadas ao longo da historia, polos límites e imposicións dunha sociedade androcéntrica”, di a autora

O San Froilán 2025 amplía o seu cartel con novas propostas

O San Froilán 2025, que se celebrará en Lugo entre o 4 e o 12 de outubro, vén de ampliar o seu cartel musical, segundo anunciaron o tenente de alcalde, Rubén Arroxo, e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro.

Ferreiro subliñou que ás confirmacións xa coñecidas, con artistas como Tanxugueiras, Xoel López ou Lia Kali, súmanse agora propostas que reforzan a diversidade e a proxección internacional do programa, entre as que destacan Cristina Branco, Dakidarría, Queralt Lahoz ou El Pony Pisador. A concelleira salientou que se trata dun cartel que combina tradición e vangarda, voces consolidadas e proxectos emerxentes.

Pola súa banda, Arroxo destacou que o San Froilán non é só unha programación de concertos, senón tamén unha oportunidade para poñer en valor a identidade cultural de Lugo, facendo da cidade unha capital da música e da convivencia. "Queremos que veciñas e visitantes vivan a festa como unha experiencia colectiva, na que a música, a gastronomía e a tradición se unan", afirmou.

Ferreiro puxo tamén o acento na incorporación de bandas e proxectos chegados de diferentes puntos do Estado e mesmo de Portugal, o que, segundo explicou, enriquece o diálogo cultural. Indicou ademais que resulta fundamental ofrecer espazos a artistas galegos como Dakidarría ou De Ninghures, que traballan a música desde unha perspectiva contemporánea, ao tempo que se abren as portas a novas linguaxes con nomes como Queralt Lahoz ou Nogen.

Deste xeito, o cartel do San Froilán 2025 queda configurado cos artistas xa confirmados anteriormente, Tanxugueiras, Xoel López, Lia Kali, Consorcio, Guadi Galego, Biznaga, Bala, Vera Fauna, Patáx e Lucía Pérez,



aos que se suman agora Dakidarría, Queralt Lahoz, Cristina Branco, Irmaus da Raia Seca, Germán Díaz, El Nido, SonDeSeu, Uxía, Nogen, Anxo Araujo, El Pony Pisador, Abril, De Ninghures, Mocho Gris, Loita Amada, Festikultores e Duendeneta.

A concelleira concluíu sinalando que o obxectivo é que a veciñanza e as persoas que visiten a cidade sintan as festas como propias, gozando dos concertos nas prazas Horta do Seminario, Santa María e Mosqueira, así como da animación de rúa e das actividades nos barrios.

Arroxo lembrou, ademais, que aínda quedan por anunciar máis concertos, pasarrúas e actuacións de orquestras, que se darán a coñecer nas vindeiras semanas e completarán un programa que superará as 200 actividades.

CARTEL. Maite Ferreiro anunciou tamén que o artista lucense Iván Mouronte será o encargado de deseñar o cartel do San Froilán 2025.

A decisión enmárcase nunha colaboración coa Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, coa intención de que cada ano sexa un creador de Lugo quen dea imaxe á gran festa do outono galego.

Ferreiro explicou que a área de Cultura optou por este modelo "despois de que moitas festas que seguían o sistema de concurso se visen obrigadas a modificar os carteis polo uso de ferramentas como a Intelixencia Artificial". Ao tempo, destacou que con esta medida pretenden "promocionar o traballo das profesionais da ilustración de Lugo, ofrecendo a súa propia visión das nosas festas".

A tenente de alcaldía tamén confirmou que se manterá o concurso infantil de debuxo co que se escolle o cartel do San Froilán Miúdo. "Animamos ás nenas e nenos de Lugo a seguir participando neste certame, e agardamos que no futuro moitos deles continúen adicándose ao deseño de maneira profesional", subliñou.

Precisamente hoxe publicáronse no BOP as bases do concurso do San Froilán Miúdo, que contempla un premio de 300 euros para a nena ou neno menor de 15 anos gañador. Os traballos deben presentarse en formato impreso ou dixital, en tamaño A4, a través da sede electrónica ou no rexistro presencial do Concello, nun prazo dun mes. Un xurado será o encargado de escoller a imaxe do espazo infantil das festas deste ano.

Desfeita

OUTRA XEIRA



Pablo Veiga

Desde que colaboramos co xornal Terrachaxá, durante o verán cruzamos os dedos agardando non vérmonos na necesidade de escribir sobre os incendios. Tratamos de confiar na sorte e que pasen as semanas. Sobran temas sobre os que esbardallar. Pero o dous mil vinte e cinco, igual que ten acontecido noutros anos precedentes, non podemos evitar ocuparnos do asunto que está a producir un tremendo malestar no País nestes días de agosto, onde o lume semella ser invencible, sobre todo na provincia de Ourense. Cando nos poñemos a redactar este artigo, a cifra da superficie queimada produce calafríos, xa que levan ardidias máis de setenta mil hectáreas. Chandrexa de Queixa, Larouco, Vilardevós, Vilamartín de Valdeorras, Viana do Bolo, Oimbra, Xinzo de Limia, A Mezquita, A Gudiña, Trives, ...e mesmo a propia capital provincial, son concellos onde as lapas levaron por diante monte, pasteiros e ata vivendas. O fogo avanza sen control e non entende de fronteiras, xa que continuou polo sur da provincia de Lugo, chegando a Quiroga, Ribas de Sil ou O Courel. Tamén Os Ancares se viron afectados por esta lacra para a cal semella non existir un poder que a dome e que a derrote con rapidez e contundencia. Alén do noso territorio, observamos que amplas zonas de Zamora, León e Portugal son devoradas polos incendios, onde lugares míticos como As Médulas ou a Serra da Culebra sufriron importantes danos. Aquí temos que lamentar a perda de vidas humanas.

As imaxes que contemplamos a través das televisións, así como as testemuñas dos veciños que traballaron arreo, día e noite, tratando de evitar que ardesen as casas, os animais e eles mesmos, resultan arrepiantes. Os medios de extinción víanse superados ante a magnitude dos incendios. E isto aínda non rematou. Desexamos que cando a edición de setembro do xornal estea publicada, tódolos lumes fosen extinguidos por completo.

As análises e valoracións que se están a realizar e que se realizarán unha vez superado este pesadelo, na mesma liña das escoitadas en ocasións anteriores. Fálase e fálase do abandono do rural, da emerxencia climática, da excesiva plantación de eucaliptos ou dunhas febles medidas preventivas. O dito que os incendios se apagan no inverno, repetírase de maneira reiterada.

Chama a atención que o territorio que está ardendo neses concellos ourensáns, non se caracteriza precisamente pola proliferación das especies invasoras que son altamente inflamables, senón que o bosque autóctono aínda ten unha presenza considerable, sobre todo os soutos de castiñeiros, así como o predomínio da gandería extensiva. Pero nin así. Unha auténtica catástrofe, unha desfeita sen paliativos, vimos de contemplar no mes de agosto do presente. A destrución é maiúscula, xa que por unha parte, temos o dano que se produce ambiental e ecoloxicamente, e por outra, as consecuencias económicas que derivan das perdas materiais, desde a madeira queimada e animais mortos ata as vivendas arrasadas polo lume.

Nunca queremos no estío falar deste tema, pero a realidade obrigounos a elo. De hoxe nun ano agardamos que o asunto a tratar non produza tanto desacougo.

O que non arde

PROGRAMA PARA A PREVENCIÓN DE LUMES
CON PASTOREO DE GANDERÍA EXTENSIVA

Prazo de solicitude: do 2 ao 29 de setembro

DEPUTACIÓN DE LUGO Rural VICEPRESIDENCIA

AS BANDAS DE MÚSICA

Tradición e futuro da cultura galega

A comunidade autónoma de Galicia conta, desde o século XIX, con centos de bandas de música popular que desempeñan un papel fundamental na difusión da cultura tradicional e na creación de lazos que unen xeracións a través da música

En Galicia existen hoxe en día centos de bandas de música tradicional que, desde o século XIX, veñen desempeñando un papel esencial na difusión da cultura popular, dentro e fóra da comunidade. Este tipo de agrupacións non só proxectan o folclore galego máis alá das nosas fronteiras, senón que tamén cumpren unha función social, creando lazos entre xeracións a través da música e da tradición, ao tempo que actúan como verdadeiras embaixadoras culturais dos concellos aos que representan.

As primeiras agrupacións xurdiron no século XIX, inspiradas nas bandas militares. Moitos directores e músicos formados nese ámbito atoparon nestas formacións civís un espazo onde continuar a súa práctica musical e abrir novas oportunidades profesionais. Desde entón, Galicia viu nacer centos de bandas que seguen hoxe a enriquecer o seu patrimonio cultural e que se expanden por todo o territorio.

REFERENTES HISTÓRICOS

Entre todas, a Banda Artística de Merza, fundada en 1828, está recoñecida como a máis antiga de Galicia. A súa historia, marcada por divisións e posteriores reunificacións, consolidouna como un símbolo da música popular galega. Ao longo da súa historia, actuou en Europa e América, conta con máis de vinte premios internacionais e, desde os anos setenta, mantén unha escola de música que continúa formando novas xeracións.



Por este título de banda máis antiga de Galicia compite tamén A Lira de Ribadavia que, aínda que o primeiro documento oficial que

Ese florecemento continúa hoxe con novas iniciativas que buscan renovar e actualizar a tradición

acredita a súa existencia é do ano 1840, existen documentos previos de comezos de 1800 que deixan entrever a súa presenza. A súa historia, ao igual que o de outras moitas agrupacións, estivo atravesada por

tensións que remataron por dividir a agrupación ata a súa reunificación en 1894. Desde entón, acumulou unha decena de premios en certames nacionais e internacionais e segue sendo un pilar cultural na comarca, convertendo Ribadavia nun referente da cultura popular de bandas en toda Galicia.

A seguinte en xurdir foi a Banda Municipal de Santiago de Compostela, creada en 1848 e profesionalizada en 1876, que marcou época cos seus concertos de paseo na Alameda e na Rúa do Vilar.

Pola súa parte, a Banda Municipal de Celanova, fundada en 1853, tamén está considerada unha das máis antigas de Galicia e, ao longo da súa historia, consolidouse como unha institución clave na vida cul-

tural da vila, desenvolvendo unha importante labor educativa e fomentando a cultura e a música tradicional entre os máis pequenos.

A Banda Artística de Merza, fundada en 1828, está recoñecida como a máis antiga de Galicia

Tamén centenaria é a Banda de Música de Ortigueira, creada en 1860 por Florentino Castiñeiras, organista da Igrexa de Santa Marta. Tras anos de altos e baixos, a banda chegou a desaparecer en 1960 e

non volveu rexurdir ata 1992, baixo a batuta de Francisco Aliaga. Porén, a banda tal e como a coñecemos renaceu oficialmente en 2005, tras a unión da Banda Escola de Música de Ortigueira e a Banda Cultural. Hoxe é unha das máis recoñecidas do territorio e alcanzou, ao longo da súa historia, un gran prestixio internacional.

LUGO, TERRA DE BANDAS

Tamén durante o século XIX a provincia de Lugo representou un dos escenarios máis fértiles para este fenómeno cultural. Alí naceu en 1865 a Banda de Música de Chantada, fundada polos irmáns Fernández, coñecidos como Os Ferraías, autores da coñecida Muiñeira de Chantada. Desde entón, pese a algúns altibaxos nos anos 70, a formación logrou manter unha traxectoria de máis de século e medio, marcada pola súa capacidade de adaptación e por unha intensa labor educativa e comunitaria, que hoxe en día continúa.

Pouco tempo despois, en 1869, xurdiu a Banda de Música de Sober, grazas á iniciativa de Casimiro Pérez López, coñecido como “O Chá”, que comezou a reunir varios músicos da zona. Tras atravesar etapas de crise, consolidouse definitivamente en 1975 coa creación da súa escola de música, que hoxe conta con máis dun centenar de alumnos.

Un ano despois, en 1870, na parroquia de Farbán, naceu a Banda de Música de Sarria como unha agrupación de carácter lúdico para po-



ñerlle música as festas da comarca de Sarria e despois nas distintas casas do pobo. Na actualidade, segue a ser un motor cultural da vila, con máis de 60 integrantes e unha escola de música activa, que conta con arredor de 250 alumnos, entre os que destacan os pequenos, que poden cursar 'Estimulación musical temperá' a partir de 6 meses, unha iniciativa que tivo moi boa aceptación. Pero a meirande parte do alumnado da escola está formada por nenos e nenas de entre 6 meses e 10 anos, aínda que hai aulas de adultos, que acollen persoas de ata 70 anos. Ademais, a Banda de Música de Sarria conta cunha formación bastante clásica, con instrumentos de vento e percusión, como violonchelos, óboes, frautas, clarinetes, trombóns, trompetas, contrabaixo, piano, o baixo eléctrico e a batería.

de Rábade, Begonte, Outeiro de Rei e Friol, xurdido en 2007. A banda naceu con apenas unha decena de alumnos e un único profesor, Armando Morales, que hoxe exerce como director. Moi pronto, grazas ao traballo dos seus membros, a agrupación consolidouse como motor cultural da comarca, apoiada tamén polo esforzo conxunto dos municipios participantes, polo compromiso do profesorado e polo respaldo constante da Asociación Músico Crisanto, presidida por Pablo Rábade.

Na actualidade conta con preto de 300 alumnos e 26 profesores, e deu lugar a formacións tan diversas como a Murajazz Big Band, a súa versión xuvenil, grupos de pandeireiras, a Banda de Gaitas Sons da Chaira, un coro e a propia Banda Sons e Soños. O seu primeiro ensaio tivo lugar en xuño de 2011 e, ape-



mentos en certames da Federación Galega de Bandas de Música Populares, incluíndo primeiros premios en 2019 e 2022, e mantén unha actividade constante en Galicia e Castela e León, participando en festivais de bandas e levando a súa música ás festas patronais do municipio e da súa contorna. Nos seus 17 anos de historia está xa ben consolidada como unha das máis relevantes do territorio e xogou un papel fundamental na recuperación da tradición deste municipio, que chegou a contar con ata oito bandas. Do mesmo xeito, a Banda da Escola de Música Municipal de Vilaboa, nacida en 2015, consolidouse nos seus dez anos de historia como unha das formacións xuvenís máis activas de Galicia. A banda foi creada para dar continuidade á formación de alumnos de vento, percusión e corda, pero pronto pasou a ser un referente cultural do municipio, participando en distintos eventos e festivais, e logrando o segundo premio no XIII Certame Galego de Bandas de Música na categoría infantil.

Na mesma liña renovadora desta-

ca a Banda de Música da Comarca de Sarria, nacida no verán de 2023 e que, do mesmo xeito que Sons e Soños, ten vocación intermunicipal. O proxecto reúne, baixo unha única dirección a músicos de Láncara, O Incio, Paradela, O Páramo, Samos, Sarria e Triacastela. O proxecto, que naceu coa clara vocación de enriquecer a vida cultural da zona e manter viva a tradición, non tardou en consolidarse. O seu primeiro concerto coincidiu coa festividade de Santa Icí, en novembro de 2023 e, apenas un ano despois do seu nacemento, en xullo de 2024, impulsou o Festival de Bandas da Comarca de Sarria, converténdose nun espazo de colaboración interxeracional e de intercambio cultural.

A súa creación é a demostración que, aínda hoxe, as bandas de música xogan un papel fundamental na vida comunitaria, especialmente nos núcleos rurais, animando festas e verbenas e mantendo viva a tradición musical popular por todo o territorio, especialmente nos núcleos rurais.

NOVAS AGRUPACIÓNS

Se o século XIX foi o punto de partida, o XX supuxo a auténtica explosión do movemento, especialmente nas súas últimas décadas. Naqueles anos, tras superar unha época escura e de estancamento do movemento durante a Guerra Civil, naceron un gran número de agrupacións municipais e comarcais, como a Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo ou as de Ordes, Brión, Bueu, Teo, Cambre e Cedeira, consolidando as bandas como unha parte imprescindible da vida comunitaria, especialmente no rural.

Ese florecemento continúa hoxe con novas iniciativas que buscan renovar e actualizar a tradición. Un exemplo é a Escola e Banda Municipal de Música Sons e Soños, un proxecto que une aos municipios

nas seis meses despois, xa ofrecía o seu concerto inaugural. Desde entón mantén unha actividade constante e nos últimos anos actuou en escenarios como o Lugo Music Festival, en Tenerife ou na emblemática Praza das Praterías de Santiago. Neste panorama recente destaca tamén a Banda Filharmónica de Lugo, creada en 2013 polo director Iván Martínez Sabio xunto a músicos vencellados á Sociedade Filharmónica e ao Conservatorio Xoán Montes. Desde os seus inicios, a banda organizou cursos de dirección e gravou un disco que a consolidou no ámbito rexional.

Outro dos exemplos máis recentes do rexurdir da música tradicional é a Banda de Música Santádegade Coles, fundada en 2008 polo pianista Luis Humberto Cao. Con máis de sesenta músicos, obtivo recoñece-



O Caudal Fest xa ten os horarios dos concertos

Lugo acollerá unha nova edición do Caudal Fest, un dos encontros musicais máis esperados, que se celebrará os días 19 e 20 de setembro. O recinto abrirá as súas portas o venres ás 17:00 horas e o sábado ás 17:45 horas, dando comezo a dúas xornadas cheas de música en directo nos dous escenarios principais: o Estrella Galicia e o Cutty Shark. O venres 19, a programación arrancará no Escenario Estrella Galicia con Lisdexia ás 17:30 horas, mentres que no Cutty Shark subirá ao escenario Yarea a partir das 18:10. O relevo tomarao Duncan Dhu ás 19:00 no Estrella Galicia, seguido de Vega, que actuará ás 20:00 no Cutty Shark. Xa entrada a noite, un dos pratos fortes será Love of Lesbian, que ofrecerá o seu concerto de 21:10 a 22:40, antes de que Carlos Ares tome o Cutty Shark de 22:40 a 23:30. Á medianoite, será a quenda de Dani Fernández no Estrella Galicia ata as 00:45, e a festa continuará con Dollar Selmouni no

Cutty Shark ata as 01:35. Pecharán a xornada Niña Polaca, que tocarán de 01:35 a 02:35, e Kike Varela, encargado de poñer o broche final no Cutty Shark ata as 03:35. O sábado 20 abrirase a programación no Escenario Cutty Shark con Músculo! ás 18:20, mentres que ás 19:00 chegará a quenda de Chicle no Estrella Galicia. Seguidamente, Merino actuará de 19:40 a 20:30, dando paso a unha das artistas máis agardadas, Zahara, que subirá ao escenario principal ás 20:30. Xa ás 21:30 será o turno de Marlon, antes de que Melendi protagonice un dos concertos máis esperados da noite, de 22:20 a 23:50. Despois, a festa continuará co directo de The Rapants, que actuarán de 23:50 a 00:40, e con Carolina Durante, que tomarán o Estrella Galicia de 00:40 a 01:40. O final da noite quedará en mans de Alcalá Norte, de 01:40 a 02:30, e Elyella, que poñerán o peche definitivo ao festival cun set de 02:30 a 03:30.



O Museo inaugura unha mostra de Mauro Leivas

O Museo Provincial de Lugo acolle a exposición *Ukiyo-e: de paxaros e sacabeiras* de Mauro Leivas, unha mostra na que o pintor mindonien- se, falecido o pasado 23 de xullo, traballou nos meses previos ao seu pasamento coa colaboración dos artistas e amigos Daniel Caxigueiro e Xosé Artiaga, así como de Silvia Folgueira. A exposición *Ukiyo-e: de paxaros e sacabeiras* nace desa conexión artística e emocional, co obxectivo de visibilizar a súa traxectoria no marco da arte contemporánea da provincia e da historia creadora da Rede Museística. Ademais, na mostra, o artista fusiona a paisaxe galega con técnicas propias da pintura oriental, evocando o concepto xaponés de “imaxes do mundo flotante”. A Vicepresidencia da Deputación de Lugo despregou na casa do barrio

dos Muíños, onde residiu o artista, unha lona co cartel da exposición, que permanecerá aberta ao público ata o 30 de setembro. A deputada de Cultura, Iria Castro, destacou que “é un pracer acoller exposicións de artistas lucenses, sobre todo cando a arte serve para poñer ás persoas no centro e transmitir mensaxes, como fai Mauro Leivas, comprometido sempre coas causas xustas”. Pola súa parte, a comisaria da exposición, Silvia Fiallega, explicou que a proposta é “un xogo de enganos que nos reta a descubrir o esencial tras o accesorio, cunha linguaxe próxima ao espectador”. As pezas revelan a presenza simbólica do Oriente nas paisaxes da Mariña de Lugo, nas formas do territorio e na súa fauna, onde abundan paxaros, peixes e sacabeiras.

Academia JM Rivas abre matrícula para a preparación de oposicións

A Academia J.M. Rivas, con sede en Lugo, e a Escola de Profisións Técnicas Pértiga, en Santiago, como asociados, veñen de anunciar a apertura do proceso de formación para preparar oposicións ao Ensino, tanto en Primaria como en Secundaria. No caso de oposicións a mestre de Primaria, a academia de Lugo ofrece un plan de estudos completo que inclúe temario propio, lexislación resumida, resolución de casos prácticos, elaboración e defensa da programación didáctica, exposición da unidade didáctica e simulacros de exame, sempre con grupos reducidos para unha atención máis personalizada. Pola súa parte, para o ámbito da ensinanza secundaria, a oferta abrangue especialidades como Tecnoloxía, Matemáticas, Física e Química, Informática, Sistemas Electrónicos e Sistemas Eléctricos e Automáticos. Ademais, está previsto xa un curso específico de programación didáctica, que se desenvolverá entre o 13 de setembro e o 8 de novembro, co obxectivo de reforzar a preparación do profesorado opositor de cara ás probas selectivas. As persoas interesadas poden atopar máis información a través das



páxinas web jmrivas.es e pertiga.es, ou nos teléfonos das academias en Lugo (982 815 622) e en Santiago (981 553 622). Este é un dos servizos que ofrece este ano JM Rivas, unha academia de gran tradición e experiencia en Lugo que serve de apoio a estudantes de todos os niveis, desde Primaria á universidade con especial atención a aqueles que se presentan ás probas da PAU. O tempo de matrícula está aberto xa para todos os grupos. Academia JM Rivas comezou no ano 1986 pero desde 2005 ocupa as instalacións actuais na rúa Doutor Fleming. Empezaron dando apoio aos

estudantes de ESO e Bacharelato pero pouco a pouco foron ampliando o seu campo de acción e agora traballan tamén co alumnado universitario e preparan as oposicións, entre outros servizos. As principais liñas de traballo desta academia son as clases en grupos reducidos, para garantir a aprendizaxe, ou individual si a materia así o require. O equipo de profesores é especialista nas materias que ensinan e contan con material propio elaborado polo equipo docente, entre os que se atopan exercicios de exames, conceptos fundamentais, esquemas, resúmenes, etc.

O regreso das escolas infantís

O 3 de setembro comezará o curso escolar nas escolas infantís municipais. As familias con praza adjudicada nalgunha das catro están chamadas a participar nunha reunión previa o día 2, a partir das 19:00 horas, na que se tratarán cuestións relacionadas co comezo da actividade. As escolas infantís municipais ofrecen un servizo integral de carácter

social e educativo que abrangue todas as áreas do desenvolvemento temperán, como a aprendizaxe, a motricidade, o control corporal, a comunicación e a linguaxe, así como a convivencia, a relación social e a descuberta do contorno máis próximo. Este labor desenvólvese mediante unha colaboración entre o ámbito escolar, as familias e o medio no

que se sitúan os centros. Ademais, inclúe a atención asistencial necesaria, desde a hixiene e a limpeza ata a manutención, o cambio de roupa e o coidado da saúde dos menores. A concelleira de Educación e Difusión do Coñecemento, Iria Buide, destacou que o Concello destina cada ano máis de 1,5 millóns de euros ao mantemento destas escolas.

O festival Candeloria despídese en 2026 tras 12 anos de concertos

O festival A Candeloria, que durante máis dunha década se consolidou como unha das grandes citas musicais do inverno en Lugo, anunciou a súa despedida definitiva. Tras 12 anos de intensa traxectoria, o evento porá o punto final en 2026 cunha última edición que se celebrará no Pazo de Feiras e Congresos baixo o nome de O último berro. A organización destacou que non se trata dun adeus triste, senón dunha despedida chea de alegría polo camiño percorrido, lembrando as amizades creadas, os momentos únicos vividos e a complicidade do público e das bandas que participaron ao



longo destes anos. Ademais, agradeceron ás institucións e empresas que apoiaron o proxecto, fundamentais para o seu desenvolvemento. A cita final pretende converterse

nunha noite histórica e especial para o festival, na que non faltará música, emoción e a oportunidade de desfrutar e despedirse cun último berro colectivo.

DEPUTACIÓN

Investimento nun programa de formación de mulleres con Afalu

O presidente da Deputación da Lugo, José Tomé Roca, vén de asinar na Sala de Xuntas do Pazo de San Marcos un convenio de colaboración coa presidenta de AELU -Asociación de Mulleres Empresarias da Provincia de Lugo-, Anjhara Gómez Rodríguez, mediante o cal a institución provincial realiza unha achega económica de 40.000€ para apoiar o programa Galatea. Trátase dun proxecto de asesoramento que busca ofrecer a mulleres empresarias e emprendedoras da provincia obradoiros de capacitación nos que poidan adquirir novos coñecementos e habilidades relacionadas co seu desenvolvemento e capacitación profesional.

José Tomé Roca recordou que a institución provincial mantén unha estreita colaboración con esta entidade sen ánimo de lucro que leva “case corenta anos traballando na defensa e na promoción dos valores sociais e profesionais da muller empresaria. Por iso, colaboramos non só co programa Galatea, senón tamén con outras moitas iniciativas



coas que apoiamos conxuntamente o tecido produtivo da provincia e impulsamos o emprendemento feminino”.

Co proxecto Galatea, que se realizará de setembro a decembro, levaranse a cabo actividades de asesoramento e formacións específicas que poderán ser individuais ou en grupos reducidos. As participantes poderán informarse sobre cuestións relacionadas coa marca persoal e a comunicación dixital; a planificación

financeira; a conciliación e a xestión do tempo; ou en aspectos xurídicos e fiscais, así como noutros temas do seu interese.

Ademais, esta iniciativa tamén inclúe formacións sobre competencias dixitais para a comunicación empresarial, obradoiros de coaching para contextos empresariais e emprendedores, talleres de xestión do estrés e do equilibrio entre o persoal e o profesional, actividades de benestar ou obradoiros de creatividade.

Achega de 4.000 euros para programas de asesoramento da CEL

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, e o Secretario Xeral da Confederación de Empresarios de Lugo (CEL), Jaime López Vázquez, veñen de asinar no Pazo de San Marcos un convenio de colaboración que contempla unha achega económica de 40.000 euros á entidade. Esta contía servirá para financiar o programa de asesoramento ás pequenas e medianas empresas da provincia Asesora CEL.

Concretamente e con cargo a este investimento, a CEL poderá contratar a 4 persoas para a realización deste programa e tamén poderá sufragar parte dos gastos xerais de funcionamento da entidade.

“Lugo ten unha das porcentaxes máis altas de España de pequenos negocios no seu tecido empresarial; o 99,97% das nosas empresas son PEMES —só por detrás de Ávi-

la, que ten un 99,98%—, polo que é especialmente importante ofrecer este tipo de apoio”, valorou Tomé Roca. Explicou que este tipo de negocios ten dificultades engadidas para acceder á información e servizos de asesoramento en material xurídica e laboral.

Este servizo pretende axudar aos empresarios e empresarias da provincia en cuestións de contratacións, retribucións, salarios, horarios, obrigas de seguridade e saúde, conciliación e igualdade. Tamén poderá poñer ao día sobre normativa medioambiental ou sustentabilidade. Unha nova colaboración vén a reforzar a estreita relación que a Deputación mantén coa Confederación de Empresarios de Lugo na organización e desenvolvemento de diferentes iniciativas, para seguir favorecendo e impulsando o crecemento económico da provincia.

A Deputación colabora con Afalu e Auxilia para iniciar novos programas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, vén de asinar un convenio de colaboración coa presidenta da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer e Outras Demencias de Lugo (Afalu), Carmen Pena Ledo, polo que a institución provincial destina 12.000€ para desenvolver o programa Estimulación Cognitiva de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias.

Este programa permitirá levar a cabo terapias non farmacolóxicas, atención psicolóxica e formación a cuidadores a zonas rurais da provincia, onde o acceso a este tipo de recursos é limitado, pese a que Lugo presenta unha das taxas de envellecemento máis elevada de Galicia, cun 27,6% da poboación maior de 65 anos.

José Tomé Roca enmarcou esta colaboración dentro da aposta da Deputación “por un rural que merece estar en igualdade de condicións co entorno urbano, con recursos e oportunidades para todos e todas”. O mandatario provincial

destacou que, con este programa, a institución “contribúe a que persoas diagnosticadas con alzhéimer ou outras demencias poidan recibir atención especializada no seu propio concello, sen ter que desprazarse a Lugo capital ou a outros centros urbanos”.

A iniciativa que desenvolverá Afalu inclúe terapias de orientación á realidade, psicomotricidade, musicoterapia, ludoterapia, laborterapia ou reeducación da memoria, linguaxe e atención. Ademais, prestarase apoio ás familias, ofrecendo información, asesoramento sobre recursos dispoñibles, atención psicolóxica e cursos de formación para cuidadores, co obxectivo de mellorar tamén a súa calidade de vida.

AUXILIA. Tamén asinou un convenio de colaboración coa presidenta de Auxilia Lugo, Nuria Neira Vila, polo que a institución provincial achega 5.000 euros a esta entidade social para desenvolver o programa Promoción da autonomía



persoal no domicilio rural. Trátase dunha iniciativa que busca mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade física que residen en concellos rurais da provincia.

José Tomé puxo en valor o labor que desenvolve Auxilia Lugo desde hai máis de 50 anos e subliñou que este programa “axuda a que as persoas con discapacidade poidan levar unha vida máis autónoma e digna nos seus fogares, sen verse obrigadas a abandonar o seu entorno familiar e social”. Así mesmo, destacou que esta colaboración forma parte da aposta da institución provincial “por un rural máis xusto, inclusivo e con igualdade de oportunidades para todas as persoas, independentemente da súa situación ou lugar de residencia”.



No marco deste convenio, Auxilia Lugo levará a cabo accións enfocadas a fomentar a vida autónoma no fogar, o acceso á información e recursos, así como a participación activa na comunidade das persoas con discapacidade. O programa contempla visitas domiciliarias de asesoramento, acompañamento profesional, formación en novas tecnoloxías e actividades que favorezan a autoestima, a seguridade e o benestar persoal.

A entidade avalía as necesidades concretas dos usuarios no seu propio fogar, ofrece información sobre recursos, produtos de apoio e posibles adaptacións no domicilio, contribuíndo así a eliminar barreiras arquitectónicas e a retardar, na medida do posible, o ingreso nun centro residencial.

Convocan as prazas para 8 psicólogos e 2 veterinarios

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou as bases específicas de dous procesos selectivos que convoca a institución provincial para o ingreso en 8 prazas de psicólogo e 2 de veterinario de persoal funcionario de carreira. Así o informou o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a reunión semanal.

“Hoxe aprobamos diferentes cuestións que virán mellorar a atención que desde a Deputación de Lugo prestamos ás persoas, porque son medidas relacionadas cos coidados, coa eficiencia na xestión, o aforro económico e a mellor utilización de recursos. Medidas que dan conta do noso compromiso co territorio, porque fortalecendo os servizos propios conseguimos unha institución máis próxima, eficaz e autosuficiente”, valorou o deputado.

Explicou Rivera Capón que as prazas serán de acceso libre polo sistema de concurso-oposición. As prazas de psicólogo serán para dar servizo na rede de Centros de Atención a Maiores e as de veterinario, na Granxa Gayoso Castro.



A Feira de Artesanía consolídase como un referente cultural

A XXVIII Feira de Artesanía de Castroverde resultou todo un éxito, confirmándose como unha das citas máis destacadas da comarca para a posta en valor da cultura popular e dos oficios tradicionais. Un evento que, ademais de dinamizar a economía local, serve para reforzar a identidade do territorio. Nesta edición participaron preto de 50 expositores chegados tanto da comarca como doutras zonas de Galicia, que ofreceron pezas únicas elaboradas con técnicas herdadas de xeración en xeración. O público tamén puido gozar de demostracións en directo de obradoiros artesáns e das actuacións de grupos de música tradicional, que puxeron o compoñente festivo á xornada. A deputada Montse Valcárcel amosou a súa satisfacción por poder apoiar unha feira que, segundo dixo, “pon en valor as tradicións desta zona de Lugo” e insistiu en que “Castroverde ten un potencial inmenso e débese impulsar para

que sexa un referente da comarca”. Valcárcel salientou a importancia de desenvolver políticas activas de apoio á artesanía, lembrando que os oficios tradicionais non só forman parte do patrimonio cultural galego, senón que tamén poden actuar como motor económico para o rural. “Os oficios tradicionais deben contar con políticas de impulso e apoio para ser un motor de desenvolvemento económico das zonas nas que se desenvolven”, apuntou, ao tempo que reclamou á Xunta de Galicia axudas específicas, programas de formación e campañas de promoción que garantan a continuidade destas prácticas. Para rematar, quixo agradecer expresamente o traballo das e dos artesáns participantes: “Son quen lle dan sentido a esta feira, amosando todo o potencial que temos no noso país. Grazas a eles, hoxe Castroverde é escaparate do talento, a creatividade e a tradición galega”.

Poñen en marcha novas medidas de conciliación para o novo curso

O Concello de Castroverde vén de anunciar dúas iniciativas de conciliación para o novo curso escolar 2025/2026, dirixidas ao alumnado do C.P.I. Plurilingüe da localidade. Por unha banda, o Programa Madrugadores permitirá ás familias deixar aos nenos e nenas ao coidado de persoal especializado antes do inicio das clases. O servizo funcionará no salón de actos do centro escolar entre as 7:00 e as 9:25 horas, todos os días lectivos. O programa é de balde e o alumnado poderá levar o seu propio almorzo. As inscricións formalízanse nas oficinas municipais e terá prioridade o alumnado de familias nas que os proxenitores traballan, así como familias monoparentais. O servizo comezará o 8 de setembro. Ademais, o Concello tamén pon en marcha o programa Tardes no Cole, que inclúe actividades deportivas, obradoiros de expresión artística, plástica, saúde e hixiene, xogos tradicionais, animación á lectura, contos e accións de educación en valores. As sesións desenvolveranse no propio colexio: os luns e martes



de 16:15 a 18:30 horas, e os mércores e xoves de 15:25 a 18:30 horas. Ambas iniciativas, totalmente gratuítas, contan coa colaboración do C.P.I. Plurilingüe de Castroverde, a Xunta de Galicia e a Consellería de Emprego e Igualdade, no marco do Plan Corresponsables. **BNG.** O BNG de amosou a súa satisfacción pola decisión do executivo municipal de aplicar a gratuidade ao programa de conciliación Tardes no Cole, unha medida que parte dunha proposta nacionalista defendida rei-

teradamente nos plenos nos últimos anos. O programa Tardes no Cole considérase unha ferramenta esencial para favorecer a conciliación das familias, especialmente no ámbito rural, onde os recursos públicos son máis escasos e as dificultades para compaxinar vida laboral e familiar son maiores. Ata o de agora, mentres o servizo de mañá era gratuíto, o da tarde supuña un custe que recaía directamente sobre as familias usuarias, xerando unha situación de desigualdade.

guntín



O Concello mellora os accesos e núcleos de Castro e A Retorta

O Concello de Guntín continúa a avanzar na posta a punto da súa rede viaria municipal cunha nova actuación na parroquia de Pradeda, que incluíu a mellora do acceso e do núcleo de Castro. Estes traballos permiten facilitar a mobilidade veciñal, incrementar a seguridade viaria e apostar pola calidade de vida no medio rural, reforzando o compromiso do Concello co mantemento e mellora das infraestruturas. Ademais, os labores de mellora alcanzaron tamén o acceso e o núcleo de A Retorta, na parroquia de Santa Cruz, proporcionando vías máis seguras e cómodas para a veciñanza no seu día a día. Estas actuacións urbanísticas en ambos os núcleos reflicten a prioridade do Concello de Guntín por garantir infraestruturas de calidade no municipio para mellorar a calidade de vida da veciñanza.

Celebran a XXII Festa do Pemento de Mougán

O concello de Guntín acolle esta fin de semana a XXII edición da Festa do Pemento de Mougán, unha cita gastronómica que contou hoxe coa presenza da conselleira do Medio Rural, María José Gómez. Durante o acto, a representante autonómica puxo en valor a relevancia do sector hortícola galego e, de maneira especial, o peso do cultivo do pemento, lembrando que Galicia dispón actualmente de cinco indicacións xeográficas

protexidas deste produto, entre elas a de Mougán. Ao longo da fin de semana está prevista a degustación de máis de 300 quilos de pemento entre os asistentes. A celebración serve ademais para recoñecer o traballo dos produtores desta IXP, que ten a súa área de produción situada no propio municipio de Guntín, convertendo o evento nun escaparate para a promoción e a defensa do produto local.

INCENDIO



No mes de agosto durante a vaga de incendios, tamén se produciu un novo foco forestal no termo municipal, declarado ás 16.21 horas entre as parroquias de Bolaño e Serés. O lume permaneceu activo unhas horas pero a súa superficie non chegou a alcanzar os 20 hectáreas antes de ser apagado

“No mundo tecnolóxico, a maxia é a forma de volver ao mundo real”

Marcos, o artista que enaltece o legado máxico do Conde Waldemar

Jessica Fernández

Quen é Marcos Waldemar?

É un rapaz que naceu nunha aldea de Portomarín chamada Narón e creceu nunha familia con avós e pais cun legado máxico, xa que na casa onde nacín faleceu o conde de Waldemar, un dos magos máis coñecidos do século e que percorreu 69 países. Eu medrei xogando e imaxinando, xa que con 3 ou 4 anos escoitaba o que facía este artista: que paraba o tráfico no Golden Gate, que transformaba o xornal nun billete, que facía nevar... era como escoitar historias dun heroe, para min era como escoitar as historias dun súper heroe. Entón, eu con tres ou catro anos xa xogaba a ser mago, unha peculiaridade que sempre me acompañou desde pequeno; a maxia estivo moi inherente a min desde que nacín, algo que me acompañou durante toda a vida. Fixen moitas actividades de maxia, pero logo tamén quixen estudar algo que me permitise compatibilizalo, e fixen enxeñaría de deseño industrial. A maxia sempre estivo aí ata que non puiden compaxinalo e decidínome por ela. Así, desde 2023 dedícome profesionalmente á maxia. Porén, eu nunca me sentín identificado coa palabra “mago”, polo que no meu nome non está integrada. Síntome máis representado como artista, xa que sempre tiveron inquietudes artísticas en xeral. Gustábanme os proxectos musicais e audiovisuais, pero a maxia é unha forma de expresión que me permite contar cousas que outras artes non poden. Creo que “ilusionista” ou “creador de ilu-

sións” é unha palabra máis acertada. Pero no meu caso identifícome máis con todas as palabras que teñen que ver con artista ou cunha actividade artística, sen que teña connotación superior ou inferior; simplemente é unha cuestión de perspectiva.

Que momento vive a maxia?

Está a vivir un momento moi bo, porque volve estar de moda e está presente na televisión. Temos o Mago Pop, cuxo espectáculo é o máis taquilleiro de Europa, por encima de teatro, cine, etc. Estamos moi contentos porque hai moita afección: moitos nenos queren ser magos e, tendo en conta o mundo ao que imos coa intelixencia artificial, a maxia é unha maneira de volver ao mundo real. É un xeito de evadirse dos problemas, pero tamén un medio para conectar co que é posible. Ademais, a maxia é unha arte privilexiada porque podemos vivir dela, pero tamén implica moito traballo. Se temos tres actuacións ao mes, non traballamos só tres días, traballamos todo o mes para preparalas. Non só se pode vivir de actuar en bautizos ou comunións, tamén se poden crear xogos de maxia, como eu fago desde os 16 anos, para produtoras dos EUA e para outros magos. O primeiro xogo que creei para produtoras pagáronme 10.000 dólares. Non sempre é tan fácil, pero hai que buscar a forma de chegar a ese público.

Cal é a súa especialidade?

É moi difícil autodefinirse. A xente di que a miña maxia é moi persoal, próxima e incluso poética, moi pensada para enganchar. A maxia de

preto é a que máis disfruto, pero agora estou moi metido en teatro e maxia en grandes teatros, entón esa especialidade vai perdéndose un pouco.

Ata a actualidade, campión de España de maxia. Como recibiu este recoñecemento e en que contexto?

Foi en Terrassa, en xullo. Foi nun congreso nacional de maxia que se celebra cada ano, onde se reúnen máis de 500 magos e hai diferentes categorías nas que competir. Sempre crin que os premios, precisamente pola miña maneira de entender a maxia como algo artístico, non teñen moita cabida, porque non ten sentido dicir que algo é mellor ou peor. Dentro dese contexto e da pouca importancia que lle dou aos premios, estou moi agradecido por recoñecerme como campión de España de maxia por desenvolver un sistema moi innovador de maxia con olores. Ata agora, os olores eran algo pouco explorado na maxia. Eran pouco prácticos, pero grazas a un sistema que levaba un tempo desenvolvendo con outros magos aquí en Galicia, conseguimos facer desaparecer ou cambiar olores.

Relación entre magos?

A relación entre magos é xenial. En todos os sectores sempre hai xente coa que tes máis ou menos afinidade, pero Dani Polo organiza un montón de festivais e leva a maxia á televisión, Rafa organizou durante 22 anos LugoMáxico e Roberto Lolo leva 20 edicións do Festival de Sarria. Toda esa xente fai que a maxia en Galicia se mova. Se teño que no-



mear un referente próximo, nomearía sempre a Mago Antón, porque para min foi como un pai máxico. Antón abriu a porta para que todos viñéramos detrás. Vai facer 60 anos de carreira, está no Mago Móbil, un camión que visita concellos pequenos, e este ano celebra 50 anos subido aos escenarios. Retirado non está no seu vocabulario.

Cales son os seus proxectos de futuro?

A nós, os magos, non nos gusta facer predicións. A 20 anos podo estar voando en escoba e facendo cousas que agora non podo, pero a curto prazo estou ilusionado cunha xira polos teatros de Galicia. Vou intentar ir a case todas as localidades con meu espectáculo ‘Inherente’, no que conto toda esta historia. O 28 de setembro estarei en A Rúa, nun espazo mítico, un antigo cine para unhas 400 persoas. Esperamos que todos estean alí. A medio prazo, o próximo verán farei unha xira

por Latinoamérica cun espectáculo máis reducido, ademais de moitas conferencias para magos. Visitarei Colombia, México, Arxentina, Uruguai, Chile e Ecuador. A longo prazo estou a preparar algo para a cidade de Lugo: unha maxia que aínda non se viu en España. Non se pode dicir en que consistirá, pero terá que ver coa cidade de Lugo e será unha maxia moi grande, agardando poder facela en 2027. Ademais, gustaríanos recuperar o Festival Conde Waldemar de Portomarín, que tivo moito éxito, pero sen financiamento non se pode facer. Estamos buscando a forma de levalo a cabo para as seguintes edicións. Quere-mos que volva celebrarse e ver se conseguimos implicar outras administracións, porque desde o Concello si que hai interese. Na primeira edición xuntamos 500 persoas na praza do pobo, levamos maxia a colexios e albergues, e queremos que se repita.

O PSOE denuncia o abandono das pistas na parroquia do Castro

O PSOE denunciou o estado de abandono das pistas municipais na parroquia do Castro, cualificándolas de destrozadas e intransitables. Desde o partido reclaman que estas vías se inclúan no Plan Deputación 2026 ou se reparen canto antes con fondos propios do Concello, lembrando que desde 2021 non se aproban orzamentos nin se realizan investimentos propios na localidade.

Ademais, sinalan o grave problema de porcallada e abandono nos contedores e os seus contornos, lembrando que xa se solicitara en pleno e noutras ocasións unha limpeza adecuada e regular.



O PSOE asegura que este problema é xeneralizado en tódalas esquinas do municipio e reclama actuacións

inmediatas para mellorar a situación.

SECRETARIA XERAL. O PSdeG dable unha nova etapa coa renovación da súa Executiva local, na que Silvia Rodríguez repite como secretaria xeral. A agrupación socialista aposta pola continuidade e pola combinación de experiencia e ilusión á fronte dun equipo que traballará con enerxía para reverter o retroceso que, segundo sosteñen, vive o municipio. Na nova dirección, Montserrat Díaz asume a área de Organización mentres que José Rodríguez será o responsable de Política Municipal.

Portomarín prepárase para celebrar as Festas na Honra ao Santo Cristo

O Concello de Portomarín celebra as súas festas na honra a Santo Cristo os vindeiros días 7 e 8 de setembro cunha ampla e variada programación.

A festa comezará o día 7 ás 13.00 horas cunha misa solemne cco acompañamento da Coral Sarri-canta de Sarria e posterior procesión. Logo, ás 14.00 horas terá lugar a sesión vermú coa Charanga Bicoia, que volverá actuar ás 19.00 horas. O día rematará coa verbena a partir das 23.30 horas

coa orquestra Stereo e o grupo Punto Clave.

Pola súa parte, o día 8 tamén comezará cunha misa solemne ás 13.00 horas co acompañamento da Coral de Portomarín seguida de procesión. Durante a sesión vermú, será a Charanga de Par-dela a encargada de poñer a música, sendo protagonista tamén ás 19.00 horas. Finalmente, as festas rematarán coa verbena a partir das 23.30 horas co Grupo Tatoo.

Ponte de Outeiro dá inicio ás súas festas cuns pinchos veciñais

A localidade de Ponte de Outeiro estará de festas os días 12, 13 e 14 de setembro. O venres, a partir das 22.00 horas, contarase con pinchos veciñais e coa actuación estelar de Verónica Cambón e Eventec. O sábado, iniciárase o día cunha sesión matinal diante da igrexa a cargo de Cerna de Árbol e Asubíos da Chaira. Seguidamente, terá lugar a misa, que será cantada pola coral

Polifónica Virxe do Monte, e dará paso a unha sesión vermú amenizada por Los Españoles. Pola noite, Los Españoles volverán a actuar, nesta ocasión, xunto á orquestra Cinema. O domingo, a misa e a procesión, amenizada pola Agrupación Dambara Santo Inocencia de Burela, serán ás 13.45 horas e na sesión vermú e verbena dese día actuará o grupo Fénix.

o corgo

O PSOE reclama melloras en servizos e vivendas sociais para a mocidade

Os concelleiros do PSOE lembraron a necesidade de mellorar os servizos municipais, especialmente no que respecta á traída de auga potable a todas as parroquias, á mellora dos accesos ás casas de certos núcleos de poboación, a necesidade dun centro de noite e á creación de vivendas sociais para asentar a mocidade. “Xa no programa que levamos nesta última eleccións de 2023 pediamos o aumento da traída de auga. Hai veciños de parroquias que non teñen traída e algúns tiveron que asumir un gasto de 3.000 euros para facer un pozo privado, o cal tamén é complicado polos permisos. Non é lóxico que un veciño, para ter un ben básico como a auga, deba facelo privado”, denuncia. Ademais, engade que “en sete anos non se fixo un metro de traída”, polo que o Concello de Lánca- ra cede a súa auga para chegar a certas parroquias pegadas á Pobra de San Xiao, “o que implica un gasto maior”. Por iso, piden “que cada ano se destine unha partida orzamentaria para aumentar a rede de abastecemento de auga potable, explicou Paco. Respecto aos accesos, comentou que “hai veciños, gandeiros e agricultores, que nos chaman con problemas de acceso ás leiras coas súas máquinas, con camiións de reparto ou camiións de bombeiros. Eu como bombeiro tería problemas para entrar nunha casa, porque o ancho dos vehículos non é o que era”. Ademais,

lamentou que algúns camiións se desbrozaron tarde e outros non recibiron atención, afectando a mobilidade e seguridade. En canto á poboación, sinalaron que “o Concello do Corgo está pegado a Lugo e podería servir para que a xente que non quere vivir na cidade, poida facelo aquí. Porén, pérdese poboación e incluso moitos rapaces van á Pobra de San Xiao. O Corgo ten un potencial enorme, pero os servizos básicos non chegan. Con 3.500 habitantes, é unha mágoa non potenciar que veña máis xente vivir aquí”. Tamén fixeron fincapé na necesidade de ter un centro de noite, xa que “o centro de día funciona ben, pero hai moita xente que durante o día traballa no campo ou está coas súas cousas, pero séntense sos de noite, entón podería haber un centro ao que acudir para durmir; incluso podería recollelos a mesma liña que recolle aos usuarios do centro de día”. Finalmente, sobre as vivendas sociais, o concelleiro destacou que “levamos anos loitando por iso. Hai un terreo embargado, a leira Neira Seara ao carón da cámara agraria, dentro do PXOM como zona urbana que podería servir para construír esas vivendas, pero desde o Concello compraron unha leira pegada ao centro de saúde que está fóra do PXOM e non se pode construír nela. Desde o PSOE queremos poñer en valor estas vivendas para asentar a xuventude”.

A Deputación inicia a reparación da vía de Castro de Rei a Cospeito

A Deputación de Lugo iniciou os traballos de rehabilitación do firme da totalidade da vía LU-P-1104, a estrada provincial que conecta Castro de Rei e Cospeito desde Portomuiño a Momán. Esta actuación, que conta cun investimento da institución provincial de case 135.000 euros, estase a desenvolver desde o inicio da vía ata o punto quilométrico 7,624. As obras consisten na reapertura de cunetas, na reparación de afundimentos e danos e na repavimentación do firme. Con estes traballos, que contan cun prazo de execución de tres meses, melloraránse as condicións de seguridade viaria, a comodidade e os desprazamentos da veciñanza. Trátase dunha importante actuación para os veciños e veciñas destes concellos da comarca da Terrá Chá, porque esta estrada articula o norte do Concello de Castro, dando servizo directo á veciñanza de varias parroquias e a diferentes explotacións agrogandeiras.

AGLOMERADO. A Deputación tamén completou os traballos de aglomerado en dous tramos da estrada LU-P-1611, que forma parte do cinto comarcal, ao seu paso polos conce-



llos de Begonte e Castro de Rei. En total, o organismo provincial destina máis de 375.000 euros para acondicionar case dous quilómetros á altura da parroquia de Felmil, en Begonte —entre os puntos quilométricos 71,700 e 73,165—, así como outro treito de algo máis de tres quilómetros —do 78,620 ao 81,800— na parroquia de San Xiao de Mos, en Castro de Rei. As obras, executadas pola empresa Cholo SL, incluíron a mellora da drenaxe e o fresado do firme. Unha vez rematado o estendido do novo aglomerado en quente, completárase a actuación coa reposición da

sinalización. Esta intervención, como todas as que se están realizando no cinto comarcal, “é clave para a mobilidade na provincia”, como explican. A LU-P-1611 é unha vía fundamental que conecta directamente 12 concellos e se enlaza con importantes estradas autonómicas e nacionais como a A-6, A-54, N-VI e N-540. De feito, nos últimos dous anos a Deputación impulsou nove proxectos para mellorar esta estrada, dous deles aínda en fase de contratación, renovando así máis do 28% do seu trazado. Con 131 quilómetros, é a vía máis longa da provincia.

Presentado o programa da terceira Festa dos Ovos Rotos con Chourizo

O vindeiro 13 de setembro, Ribeiras do Lea, no concello de Castro de Rei, converterase nun punto de encontro gastronómico, cultural e festivo coa celebración da III Festa dos Ovos Rotos con Chourizo, que se desenvolverá paralelamente á Feira de Artesanía. A xornada comezará ás 11:30 horas coa apertura da feira, que reunirá numerosos postos de produtos locais, e cun pasarrúas de música tradicional a cargo da agrupación cultural Andrade de Vilalba. Tamén pola mañá terá lugar a exhibición e concentración de coches clásicos e a terceira mostra de talleres de artesanía, na que estarán presentes oficios como zoqueiros, torneiros, ferreiros ou cesteiros. Un dos pratos fortes do día chegará ás 12:15 horas cunha master class de ovos rotos con chourizo impartida polos cociñeiros lucenses Ale-

jandro Méndez Lazare e Alejandro Ares Aldariz, membros da asociación Agacal. A partir das 13:00 horas celebrarase un showcooking con degustación gratuíta de máis de 700 tapas elaboradas con este produto, seguido dunha sesión vermú co Trío Tapioca. Xa ás 14:45 horas terá lugar un gran xantar popular baixo carpa no que se servirá empanada de ovos rotos con chourizo, panceta, pementiños e larpeira, acompañado de viño, auga, refrescos e café con gotas. As entradas para participar nesta comida deben adquirirse de forma anticipada antes do día 10. A programación da tarde inclúe xogos tradicionais con premios, a actuación da charanga Los Támeiga de Verín e unha festa musical a cargo do Trío Tapioca e a mesma charanga, que prolongarán a animación ata a noite.

O BNG denuncia esperas de ata un mes para conseguir cita médicas

O BNG denuncia o “colapso” que se vive no Centro de Saúde de Castro de Rei, onde aseguran que as demoras para conseguir unha cita médica chegan xa ao mes en moitos casos. A formación responsabiliza á Xunta e á falta de previsión na política sanitaria polos colapsos actuais. Segundo explicou a concelleira do BNG, Olga García, a situación leva semanas xerando preocupación entre os veciños e veciñas do municipio, que denuncian a imposibilidade de acceder a consultas con normalidade. “A veciñanza chegamos a agardar máis de 15 días para unha consulta ordinaria e mesmo ata un mes para renovar receitas”, sinalou. García advertiu que esta problemática está a afectar especialmente ás persoas máis vulnerables, como a poboación maior ou quen precisa un seguimento médico frecuente por enfermidades crónicas. Para o BNG, a raíz do problema está nos recortes aplicados polo goberno galego.

“O Real Aeroclub protexe un patrimonio que é de todos”

Falamos con Fran Abelleira, presidente da entidade desde 2024

Jessica Fernández

Como xorde un pouco a idea de levantar o Real Aeroclub de Lugo?

O aeródromo xorde nos anos 40, no contexto do Sistema Consol, que era un sistema de radio detección que utilizaba o Exército do Aire para posicionar e seguir os barcos e avións que pasaban polo Atlántico e o Cantábrico. Entón, a Terra Chá era unha localización excelente, pola súa proximidade á costa e a boa orografía da zona. Así, como a tecnoloxía era alemá e necesitaba un mantemento, substituír pezas para seguir mantendo o sistema Consol, déronse conta de que era moito máis cómodo traer as pezas e os enxeñeiros desde Alemaña. Polo que o que fixeron foi preparar unha zona para aterrizar con avións. Así, montaron unha pista de aterraxe con tres hangares, dos cales un deles aínda queda o orixinal. Posteriormente, cando se abandona o sistema, nos anos 50, o Ministerio de Defensa dáse conta de que ten alí tres hangares que non están a usar para nada, polo que comezan a desmontalos, dous deles con éxito. O alcalde de Lugo daquela época, Ramiro Rueda, xunto a outro grupo duns 12 persoas déronse conta de que, para evitar o desmantelamento do último hangar que quedaba alí, tiñan que moverse rápido. Foron a Madrid, solicitaron permiso ao Ministerio para que non desmontasen ese hangar e llo deixasen para crear unha escola de pilotos e poder así divulgar a afección ao voo. É nese momento, sobre o ano 1959, cando se constitúe o Real Aeroclub de Lugo, que conta ata o día de hoxe cunha concesión para poder usar dito espazo. E así comezaron, pouco a pouco, mercando avionetas co seu propio diñeiro, e solicitando ao RACE (Real Aeroclub de España) un avión para formar a futuros pilotos, así nace a escola de pilotos e o Aeroclub como o coñecemos hoxe en día, que é un sitio onde veñen afeccionados ao voo que queren conseguir a súa licenza de piloto, ou voan nun avión do club por afección. Cómpre destacar que cando estaban facendo as obras do aeroporto de Santiago nos anos 50, Lugo foi o único aeroporto de Galicia durante catro anos. Así, o voo que se facía Madrid-Santiago, aterraba en Lugo e desde alí levábase á xente en autobuses a Santiago.

Como é o Aeroclub hoxe?

Agora mesmo estamos nun momento positivo, tivemos uns anos cun pequeno parón na escola de pilotos, pero cando asumín a presidencia o meu primeiro obxectivo foi poñer

en valor a escola de pilotos, porque para min é moi importante. A difusión do voo é primordial, ademais de que eu veño dunha saga familiar na que todos voamos, e esa faceta do aeroclub é moi importante. Así, conseguín traer un instructor de Madrid e agora mesmo temos unha escola de pilotos con 10 alumnos, polo que vai moi ben. Somos sobre 150 socios que veñen ás instalacións recreativas de voo e piscina, e ademais temos unha galería de tiro, que acolle o club de tiro do Real Aeroclub de Lugo, que suma outros 750 socios, polo que, en total, das modalidades deportivas que temos no aeroclub, somos máis de 900 socios. Cómpre resaltar a importancia e peso do club de tiro do Real Aeroclub de Lugo, xa que gañan campionatos autonómicos, nacionais e mundiais.

Como valora este tempo como presidente?

O meu tío avó foi un dos fundadores, o meu avó daba instrución aos alumnos nos anos 60, o meu pai foi presidente do aeroclub durante 40 anos e o ano pasado, en 2024, o meu pai decidiu retirarse e eu vinme co compromiso de seguir co legado, porque para min o aeroclub é super importante, eu nacín alí, comecei a voar alí de neno e non concibo a miña vida sen o aeroclub. Estou contento porque o aeroclub vai ben, porque a escola de pilotos vai ben, pero é certo que dá moito traballo, as relacións coa administración son laboriosas, e quita moitas horas. Entón, poñéndoo nunha balanza, claro que me sae positivo, pero polo amor familiar, a tradición, e o amor ao voo. Pero realmente é moi complicado, porque fágoo como afección, e estar lidando coa administración, coa AESA, co Ministerio de Defensa... só como unha afección, é complicado,

pero si, estou contento.

Contan con axudas?

O Aeroclub é unha entidade deportiva sen ánimo de lucro, mantémosnos coas cotas dos socios e obtemos ademais unha axuda, grazas ao polo tecnolóxico que instaurou a Xunta de Galicia, e o centro de investigación que ten o INTA, que depende do Ministerio de Defensa, que nos axudan cunha parte dos gastos de xestión aeronáutica, porque nós somos os xestores aeronáuticos do campo, e encargámonos ademais do mantemento das servidumes aeronáuticas, que se chaman. O Aeroclub de Lugo é o responsable de manter as instalacións, a pista e toda a zona de voo, que inclúe o espazo aéreo de ata 5 concellos distintos (Lugo, Outeiro de Rei, Pol, Castro de Rei e A Pastoriza).

“O Aeroclub tamén presta os voos de introdución, os coñecidos como bautismos do aire, durante todo o ano”

Temos ademais axudas a nivel institucional por parte da Deputación de Lugo e do Concello de Castro de Rei para organizar o Critérium Aeronáutico de Galicia, pero é unha pequena parte, xa que o evento nos custa máis do que ingresa, pero é un “escaparate” moi importante para achegar a aeronáutica ao público.

Entón, cales son as necesidades?

Isto sen diñeiro é inviable de soster, xa que somos un club sen ánimo de lucro e imos investindo nos avións, as instalacións... Os socios pagamos un pouco o custo do que é manter



todo isto. Pero hai que ter en conta que o Aeroclub de Lugo está protexendo o que é un patrimonio de todos, porque ese hangar dos anos 30, ese aeródromo en xeral feito polos alemáns para dar un servizo a un sistema de teletransmisión dos anos 40, iso é patrimonio de todos. E ademais son os inicios da aviación no noso país. O Aeroclub de Lugo é parte dos inicios da aviación nacional. A verdade é que me gustaría obter un maior apoio por parte da administración.

Fálanos máis a fondo do Critérium para quen non o vivise.

Durante o Critérium, ademais das exhibicións de profesionais do voo, temos paracaidismo, globo aerostático, avións acrobáticos, aeromodelismo... que só veñen a fin de semana do festival. O noso evento, por exemplo, coincide co de Xixón. Eu este ano trouxen a Camilo Benito, que se dedica a facer exhibicións aéreas, pero aquí ti coñéceo e voas con el, algo que nos diferencia. Porque ti podes ir ao festival de Xixón e ver como fan unha táboa acrobática sobre a praia de San Lorenzo, pero no Critérium aeronáutico súbete ao avión co piloto, é unha experiencia única. A min ponme a pel de galiña ter este privilexio en Lugo. O Critérium aeronáutico permíteche subir ao avión, saltar en paracaídas ou

facen un voo acrobático con eses pilotos acrobáticos que van a eses festivais a nivel nacional e internacional. **Que máis actividades teñen durante o ano?**

Ao longo do ano temos a escola de pilotos, avións a disposición dos socios para que poidan voar a un prezo moi económico, a piscina, a galería de tiro e un restaurante. O Aeroclub tamén presta os voos de introdución, os coñecidos como bautismos do aire, durante todo o ano. Unha das nosas principais funcións é a de promocionar e difundir a afección ao voo. Non só para os pilotos, para calquera persoa que se achegue ao aeroclub, pode encargarse un voo turístico e ver Galicia desde o aire, é espectacular ver Lugo, ou os canóns do Sil, a praia das Catedrais... temos unha paisaxe espectacular. O prezo varía dependendo das persoas que sexan e o tipo de avión que usamos.

Con respecto ao futuro, que proxectos teñen?

Eu, proxectos, teño moitos. Hai moitas ramas polas que tirar na aeronáutica. Gustaríame montar unha escola de piloto de ultralixeiros. Pero claro, para iso necesito ter un instructor, mercar un ultralixeiro, que custa sobre os 100.000 euros, e é un diñeiro que non teño. E con respecto a globos aerostáticos, estou en conversas cunha empresa para que veñan aquí a Lugo, e poder ofrecer viaxes en globos aerostáticos durante o ano. Prevención de futuro haina, porque son novo e teño moita esperanza e confío enormemente no potencial do aeroclub. Pero temos que ir paso a paso, pouco a pouco. Todo leva moito tempo, xestións coa administración, permisos da AESA... Entón, agora no curto prazo, seguir apostando fielmente pola escola de pilotos e tentar montar as viaxes en globo aerostático. E, despois, de cara ao futuro, aeromodelismo, aerostación, ala delta, paracaidismo, paramotor, parapente, voo a vela, voo acrobático, etc. Dentro da aviación hai moitas ramas que tocar. Entón, podemos tirar por moitos lados de cara ao futuro.





50 persoas participaron na observación das bágoas de San Lorenzo

Máis de 50 persoas realizaron unha observación nocturna dende o miradoiro de Paraños, en Outeiro de Rei, para poder contemplar as bágoas de San Lorenzo. A actividade, organizada por Grupo de Desenvolvemento Rural da Comarca e Lugo, en colaboración co Concello de Outeiro de Rei, deu comezo ás 21:00 horas en Casas da Fortaleza coa charla Desde el mirador de Paraños hasta el infinito, realizada pola profesora Ana María Pérez Veiga.

A continuación do mencionado relato, tivo lugar unha degustación de produtos locais ofrecida polo Concello de Outeiro de Rei no acoledor salón de eventos de Casas da Fortaleza. Dende aí o público asistente

dirixiuse a Pena de Rodas para iniciar o ascenso ao miradoiro de Paraños. Unha vez alí, os participantes contaron coas explicacións de José María Fernández Corrás, quen proporcionou información do fenómeno das perseidas, así como diversa explicación sobre as constelacións visibles e outros corpos celestes.

Os participantes manifestaron o seu entusiasmo pola actividade así como o seu desexo de acudir a novas observacións que se realicen.

Tanto o GDR como José Pardo Lombao, alcalde do Concello de Outeiro de Rei, indican a súa intencionalidade de que a observación se repita cada ano, pasando a ser un referente do turismo nocturno.

Remata o curso de Condución segura en moto de Lóstregos Lucus

O motoclub Lóstregos-Lucvcs organizou un curso de condución segura en moto no circuíto de Outeiro de Rei, en colaboración coa Escola de Técnicas de Condución Segura en Moto e co Concello de Outeiro de Rei. A iniciativa contou coa participación de 16 motoristas procedentes de distintos puntos de Galicia, co obxectivo principal de contribuír á redución da elevada sinistralidade viaria que afecta ao colectivo motero.

O curso combinou formación teórica e práctica para reforzar habilidades ao manillar, mellorar a percepción do risco e fomentar unha condución máis responsable e consciente. Entre os contidos tratados, destacou a importancia de dominar técnicas para anticiparse ás manobras doutros condutores, evitar ángulos mortos e reaccionar ante situacións emerxentes.

Durante a sesión práctica, os participantes puideron perfeccionar a súa posición e equilibrio sobre a moto, empregar de forma adecuada a visión periférica, aprender a frear de maneira eficiente, calcular distancias e controlar a velocidade antes das curvas. Tamén se traballou intensamente na técnica para trazar curvas con seguridade e evitar saídas de vía, un dos principais factores de morta-



lidade entre os motoristas.

Un dos aspectos clave do curso foi o adestramento no control das denominadas reaccións de supervivencia (RS), co obxectivo de transformar posibles accidentes en simples sustos.

A importancia deste tipo de formacións vén avalada polos datos máis recentes sobre sinistralidade nas estradas españolas. En 2024, faleceron 1.154 persoas en accidentes de tráfico, un 1 % máis que no ano anterior, a pesar do aumento do tráfico nun 3 %. As saídas de vía continúan a ser a principal causa de morte, representando o 42 % dos falecidos en estradas interurbanas, seguidas das colisións frontais (15 %).

As vías convencionais concentran

máis do 73 % dos falecementos, e durante os fins de semana a cifra increméntase, especialmente en tramos sen separación física entre sentidos. En 2023, os falecementos de motoristas aumentaron un 9 % respecto ao ano anterior, con 299 vítimas mortais.

Estes datos poñen de manifesto a necesidade de reforzar a formación específica para motoristas, sobre todo en estradas secundarias e durante os desprazamentos de fin de semana, nos que se concentra a maior parte dos sinistros graves. O curso de Outeiro de Rei demostrou ser unha ferramenta eficaz para incrementar a seguridade e reducir riscos entre os máis vulnerables.

Adxudicadas as obras de contrución da nova ponte sobre o Azúmara

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou a adxudicación por case 650.000 euros das obras para a construción da nova ponte sobre o río Azúmara, situada no cinto comarcal.

Así o informou a voceira socialista, Pilar García Porto, tras a reunión semanal na que se deu luz verde a un investimento en mobilidade superior aos 800.000 euros.

García Porto explicou que o Grupo Bascuas será o encargado da construción da ponte, así como do ensanche e mellora da estrada LU-P-1611 no tramo situado no límite municipal entre Pol e Castroverde. A empresa executará os traballos cun orzamento de 648.321,13 euros e un prazo de nove meses para a súa finalización.

Os traballos afectarán a algo máis de 1,3 quilómetros, desde o quilómetro 106,5 ata o 107,887, e consistirán na demolición da plataforma antiga, a construción dunha nova estrutura, a pavimentación con aglomerado en quente, o pintado da vía e a instalación de balizas e defensas. Ademais, as obras incorporarán unha serie de medidas ambientais, como a plantación de árbores.

A deputada valorou que esta actuación suporá unha mellora importante en termos de seguridade e comodidade, xa que se ampliará o ancho da vía ata os 11 metros na zona da ponte e ata os 8 metros no seu acceso, o que ofrecerá aos condutores unha plataforma para circular con maiores capacidades.

A Festa do Emigrante fixo 40 anos cun tributo a Alejo Expósito

A carballeira de Mosteiro, en Pol, volveu encherse este domingo con máis de 2.000 persoas que participaron na 40ª edición da Festa do Emigrante, unha cita xa consolidada como referente de encontro e lembranza para a veciñanza e a diáspora.

Este aniversario estivo marcado pola homenaxe a Alejo Expósito, veciño que durante décadas deseñou e colocou as placas conmemorativas da festa e que faleceu recentemente. En recoñecemento á súa contribución, inaugurouse unha nova placa en pedra, inaugurada en presenza da súa familia e cunha gran carga emotiva.

O pregón correu a cargo de Manuel Ángel Jove Losada, quen definiu a festa como “un espazo de encontro, identidade e afecto”, destacando o seu papel á hora de reforzar os vínculos entre residentes e emigrantes. A xornada estivo acompañada de



música, emocións compartidas e unha ampla participación popular que desbordou tanto a carballeira como bares e restaurantes da zona. Dentro da programación, a UD Somozas proclamouse campioa do Trofeo Emigrante de fútbol nunha tarde cun ambiente espectacular, con moita xente nas bancadas e un

apoio de total. Participaron ademais do gañador, o equipo local, a SD Pol e a Sarriana.

Para moitos asistentes, volver a Pol nesta celebración supón revivir recordos familiares e manter viva unha tradición que simboliza a unión entre xeracións e a pegada da emigración na historia local.

Luz verde para levantar un centro de interpretación da natureza

A Xunta colaborará co Concello de Friol para financiar a execución dun centro de interpretación da natureza na parroquia de San Pedro de Narla, que suporá un investimento de 220.458 euros. A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, xunto ao secretario xeral técnico da Consellería, Yago Borrajo, e a directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, asinou hoxe co alcalde do municipio lucense, José Ángel Santos Sánchez, o convenio para a posta en marcha destes traballos, que se enmarcan no Plan Hurbe.

A través desta colaboración, selada hoxe en San Caetano, trátase de executar as obras de construción dun centro de interpretación da natureza na parroquia de San Pedro de Narla nunha parcela cunha superficie total de 1.588 m². Proxéctase así, unha edificación de tipo tradicional, en consonancia coas edificacións existentes no núcleo de Narla. Dispoñeráse no extremo suroeste da parcela, deixando libre a maior parte da parcela, e respectando as distancias necesarias dos lindeiros.

O obxectivo desta cooperación do departamento que dirixe María M. Allegue é aproveitar o crecente interese polo turismo rural e o contacto coa natureza, creando un centro de interpretación da natureza no municipio lucense. No devandito centro preténdese, por unha banda, levar a cabo diversas actividades educativas e divulgativas dirixidas a coñecer a natureza, por exemplo o ciclo das



árbores, desde a súa plantación ata a súa tala e a súa transformación en madeira ou o proceso da produción de sementes, plantación de hortos, coidados forestais, utensilios e ferramentas de traballo, coidados e características dos montes, etc.

Por outra, preténdese destinalo a centro de formación ecolóxica e actividades agroforestais, obradoiros de emprego relacionados coa natureza, cursos e charlas informativas.

As obras contarán cun prazo de execución de 10 meses e o convenio asinado hoxe estará vixente ata o 31 de decembro de 2026.

A Xunta cofinanciará nun 70% estas intervencións, cun investimento de case 155.000 euros (154.321€), e contratará e executará as obras. Pola súa banda, o Concello de Friol achegará o 30% restante do custo das actuacións (66.137€), realizará as xestións pertinentes para posibilitar

a súa execución, e comprométese á recepción, mantemento e conservación das actuacións que incorporará ao patrimonio público municipal.

O acordo selado hoxe enmárcase no Plan Hurbe. o programa impulsado polo Goberno galego co fin de axudar ás administracións locais a financiar diferentes tipos de intervencións urbanísticas, coincidentes coa realización de actuacións de mellora de equipamentos públicos que teñan por finalidade a revitalización do territorio e o reequilibrio territorial.

A través de liñas de colaboración cos concellos como o Plan Hurbe, a Xunta contribúe a promover o desenvolvemento das vilas e núcleos rurais da comunidade autónoma como motores de dinamización ao converterse en puntos de localización dun importante número de servizos públicos e privados que permiten achegar o modelo urbano a todo o territorio.



Chega a Friol o XVIII Rally Cidade de Lugo

O Concello de Friol converterase este sábado, 13 de setembro, no epicentro do patrimonio automobilístico histórico coa celebración do XVIII Rally Cidade de Lugo. Trátase dun evento que vai máis aló do mundo do motor para consolidarse como un referente turístico e cultural na provincia.

A cita está organizada pola Asociación Lucense de Automóbiles Antigos, co apoio dos Concellos de Friol, Guntín e Lugo, e servirá de escaparate da riqueza histórica e patrimonial da comarca. O encontro atraerá numerosos visitantes e afeccionados ao motor chegados de diferentes puntos do territorio. O programa do rally inclúe un

parque pechado na Praza Andón Cebreiro, onde o público poderá contemplar auténticas xoias do automobilismo clásico. Ademais, desenvolverase unha proba de regularidade histórica que combinará deporte e tradición nun percorrido polas estradas de Friol. A xornada rematará cunha cea de confraternización e coa entrega de trofeos, fomentando o intercambio cultural entre os participantes.

O XVIII Rally Cidade de Lugo preséntase así non só como unha cita indispensable para os amantes do motor, senón tamén como unha oportunidade para descubrir o encanto de Friol, a súa historia e a hospitalidade da súa xente.

O Concello friolés mellora os accesos a diversos núcleos rurais

O Concello de Friol iniciou as obras de pavimentación de accesos aos núcleos de Castorres, Casanova, Corteporcós, Macedo a Heidreira, Carballal, O Rebolo e Todón. Esta actuación está incluída no Plan Provincial de Cooperación cos Concellos 2025. O proxecto, cun orzamento total de 180.000 euros, ten como obxectivo mellorar a infraestrutura viaria rural, facilitando a mobilidade e aumentando a seguridade para os veciños e usuarios destas vías. As melloras contribuirán a un tráfico máis fluído e seguro, reducindo o risco de accidentes e mellorando a accesibilidade, especialmente para vehículos de emerxencia e transporte escolar. “Ademais, estas actuacións terán un impacto positivo na dinamización



económica local, facilitando o acceso ás explotacións agrogandeiras e promovendo o desenvolvemento de actividades comerciais e turísticas na zona”, dixo o alcalde, José Ángel Santos. O Concello de Friol reafirma así

o seu compromiso co desenvolvemento do medio rural e a mellora da calidade de vida dos seus habitantes, apostando por infraestruturas que favorezan a fixación de poboación e a sustentabilidade territorial.



Acaba a rehabilitación do Centro Social de Vilalvite

O Concello de Friol anunciou a finalización das obras de rehabilitación integral do Centro Social da Parroquia de Vilalvite, unha intervención que supón un paso fundamental para fortalecer a vida comunitaria da zona. O proxecto contou cun investimento total de 47.000 euros, dos cales o 90 % foi financiado pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

A última fase incluíu a instalación de subministración de auga mediante perforación, o remate dos acabados interiores e a pintura exterior, dotando ao centro das condicións necesarias

para acoller unha ampla variedade de actividades sociais, culturais e lúdicas.

O alcalde, José A. Santos, destacou que “este espazo renovado está pensado como un punto de encontro onde veciños e veciñas poidan compartir, aprender e crecer xuntos, promovendo o espírito de comunidade que tanto nos define”.

Segundo indicou o rexedor, o novo Centro converterase nun referente para a dinamización da vida local, favorecendo a organización de eventos e programas que impulsen a participación cidadá e a cohesión social.

DEPORTES

Arranca a Liga con moitos cambios nas categorías feminina e de base

Despois dun verán de cambios nos equipos, de baixas e fichaxes, a fin de semana do 6 e 7 de setembro será o tempo de volver aos campos de fútbol, nunha nova tempada que volve traer cambios na xerarquía das categorías nas ligas de base. O único que se estreou xa é o primeiro equipo do Lugo, que é o que máis arriba está na competición futbolística da provincia e que saíu ao verde para o seu primeiro duelo da liga regular a última fin de semana de agosto. O conxunto albivermello está este ano en Primeira Federación e é o único da provincia en ocupar praza, concretamente no grupo 1, xunto a outros galegos como Ferrol, Ourense CF, Pontevedra CF, Arenteiro e Celta Fortuna. Un piso máis abaixo, en Segunda Federación, está a Sarriana, que debutará na categoría este ano logo dun ascenso moi disputado e coa vista posta na permanencia. Esta categoría está dividida en 5 grupos e os galegos están no primeiro. Iván Carril está aos mandos dun equipo que se renovou para esta nova e longa batalla. As categorías profesionais rematan aquí, dando paso á Terceira Federación onde este ano únxtanse varios equipos da provincia no único grupo galego. O Lugo B, o Vilalbés e o Viveiro terán a mesma data de inicio que o resto e competirán polo prezado ascenso, que constará dunha única praza directa e outras catro para disputar a promoción. Pola contra, serán tres os asentos que levarán aos equipos de volta á Preferente, onde este ano o Pol e o Burela (que vén de ascender) serán os encargados de defender o pavillón lugués no grupo norte,

mentres o Lemos o fará no grupo sur. Os ascensos serán similares que en Terceira, pero haberá catro descensos. Tamén está todo preparado para o inicio das competicións provinciais. En Primeira Futgal, agrupados principalmente no grupo 3, a data de inicio será o día 7 tamén e contará con novos participantes, un Ribadeo que descende tras varios anos en categorías superiores, e outros ascendidos, como o Iberia, ou o regreso do Milagrosa, logo de xogar a tempada pasada con equipos da provincia de Pontevedra. O Brollón, pola súa conta, que ascendeu o ano pasado, xogará no grupo 4, xunto aos equipos de Ourense. Tamén regresa o Escairón tras unha tempada na categoría superior. Residencia e Castro, que xogaron a promoción, non lograron o ansiado regreso á Preferente. Nos dous grupos de Segunda, que esperarán unha semana máis para o comezo, hai moitos máis cambios. No grupo 1 regresan á categoría por descenso Pastoricense e Meira, e se incorporan por ascenso Goiriz, Matela e Castroverde. No grupo 2 só chega por descenso o San Lázaro mentres ascenderon Monterroso B, Sarriana B e Sober. A Terceira tamén terá novidades, tendo a súa xornada inicial o 28 de setembro. Dividida novamente en dous grupos, no primeiro debuta o Pol B, equipo de nova creación, e contará con Mondoñedo e Muiñeta, que descendieron o ano pasado, o primeiro nos arrastres e pola retirada da competición do Cospeito despois dunha tempada horrible. No grupo 2, os descensos afectaron a Quiroga e Rubián e,

ademais, o Incio e A Piringalla caeron tamén polos arrastres. As ligas femininas tamén terán o seu inicio en setembro. A Terceira Federación, que agora volve ter categoría de autonómica, contará co PM Friol, que sairá ao verde o día 21 para seguir buscando o ascenso despois dos profundos cambios que realizaron e que baixaron a categoría das luguesas, que o ano pasado quedaron no top 10 dunha competición nacional. O CD Lugo, compañeiro de disputa, non estará no seu sitio debido aos cambios que trouxo a transformación interna do club, logo da decisión de eliminar a liña feminina, polo que esta retorna á Terceira División Galega, para a que aínda non se coñecen os calendarios nin os equipos participantes. Si se sabe xa que o Antas estará en Primeira, logo do ascenso o ano pasado.

FÚTBOL BASE. Este ano, os equipos da provincia volverán ter representación en todas as categorías superiores do fútbol base. O equipo xuvenil principal do Lugo logrou o ascenso á División de Honra, despois dun ano no descenso. A competición, cun grupo moito menos numeroso que en edicións anteriores, arrancará a Liga o 13 de setembro. Pola súa banda, o Lugo B estará na Liga Nacional Xuvenil. Na máxima categoría cadete e infantil tamén estará o Lugo, como único representante da provincia. A Preferente, tanto xuvenil, como cadete e infantil, que se correspondería coa Liga Galega de edicións pasadas, tamén se reestrutura para estar formada por 3 grupos. Na xuvenil están os lugueses do norte, con Residencia e Vilalbés; mentres



O CD Lugo e a Comercial femininos asinan un acordo de filialidade

O Club Deportivo Lugo e a SG Comercial Estudiantes alcanzaron un acordo de filialidade co obxectivo de asentar as bases dun proxecto sólido e sostible no tempo para o fútbol feminino. O convenio, que terá vixencia durante a tempada 2025/2026, establece que o equipo participe en Terceira División Galega baixo a denominación SG Comercial-CD Lugo Femenino, disputando todos os encontros coas equipacións do CD Lugo. Con este paso, o CD Lugo aposta por unha reestruturación do seu fútbol feminino, integrándoo na estrutura do club cun modelo de desenvolvemento sustentado nunha xestión profesional

e deportiva. O compromiso da entidade céntrase en garantir os recursos, a estabilidade e a seriedade precisas para que o proxecto medre de forma ordenada e duradeira. O director xeral, Adrián Raguza, subliñou a relevancia deste acordo: “Cremos firmemente no desenvolvemento do fútbol feminino, pero entendemos que para crecer de verdade debemos facelo cunha base sólida e ben estruturada. Este convenio permítenos avanzar con responsabilidade, apoiándonos nun club como a SG Comercial, e dar os primeiros pasos cara a un proxecto sostible que represente os valores do CD Lugo”.

que no 3 estará o Calasancio. Na cadete, a representación da provincia estará en mans dos mesmos dous equipos, ademais do Lugo B. A Milagrosa, Residencia e A Piringalla serán os representantes na infantil do norte, xunto ao Calasancio, no sur. Todos arrancarán a mediados de mes.

O novo cambio que ten este ano é que a provincial queda dividida en Primeira, Segunda e Terceira, as dúas primeiras categorías tamén terán o seu inicio rapidamente, pero a Terceira terá o seu comezo máis tarde, ao igual que o farán os alevíns, benxamíns e prebenxamíns, que ata outubro non saíran ao verde.

Deu comenzo unha nova edición da Copa Deputación de Fútbol Sala

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina a VI Copa Deputación de Fútbol Sala, na que participarán 41 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina e que se disputará entre o 30 de agosto e o 2 de novembro. O sorteo dos emparellamentos celebrouse este martes no Pazo de San Marcos, coa presenza de representantes dos clubs participantes e da

Federación Galega de Fútbol en Lugo – Pablo Prieto, presidente, Carlos Méndez, vicepresidente, e Iván Pico, responsable de fútbol sala da Federación na provincia de Lugo, que sinalaron que a provincia de Lugo é a única que conta con esta competición, equiparando o fútbol sala ao fútbol campo. A Vicepresidencia da Deputación financia a Copa, cunha achega de 22.830 euros que se distribúe entre os equipos en función dos partidos disputados e das eliminatorias su-

peradas (entre 200 e 385 euros), ademais de premiar aos equipos campións (entre 550 e 800 euros) e subcampións (300 e 450 euros) de cada categoría. O vicepresidente Efrén Castro explicou que “co patrocinio desta competición reforzamos o apoio aos clubs de fútbol sala da provincia que, ademais de beneficiarse economicamente da participación, teñen a oportunidade de comezar a competir e traballar na posta a punto de cara a temporada.

A COMPETICIÓN DE COPA DE FS	
Preferente e Primeira División Feminina (9 equipos) Ribeira FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros, Burela FS B, Os Meigallos, FSF Castro Semillas Sidipal B, SD Castroverde, SD San Lázaro, UD Pastoricense.	Lugo Sala Automóviles Losada B, Castro FSF Carnemax e Club Lemos.
3ª División Nacional Masculina e Preferente Masculina (13 equipos) Ribeira FS, Outeiro de Rei SD, O Korreo Guitiriz FS, Insuas do Miño Rábade FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CD, Fonsagrada FS, Os Meigallos FS, Club Deportivo Casás, PM Friol FS, ADC	Primeira e Segunda División Masculina (19 equipos) CD Chao, Castroverde FS, Samos FS, PM Friol FS B, Decotropic FS, O Korreo Guitiriz FS B, Outeiro de Rei SD B, Concello de Begonte FS B, Luisitalia, Cubelas, Puebla Futsal, Trabada Futsal, SD San Lázaro, Oural FS, Abella FC, A Lareira Os Meigallos FS B, Desguaces Herbón, Union Caimán Yocreapptive Sala e FS Concello de Abadín

“Traballamos para que os nenos poidan xogar no equipo do barrio”

Javi Núñez e Esther Gallego, presidente e vicepresidenta do Abella FC, que xurdiu en agosto do 2018, poñen en valor a iniciativa ‘Un niño, un balón’

Jessica Fernández

O Abella FC naceu en agosto de 2018 da necesidade de aportar algo ao barrio de Abella, un barrio humilde de Lugo no que se consideraba necesario aumentar a presenza do deporte. “O 95% máis ou menos dos rapaces que adestran con nós é do barrio, o que xera comunidade”, explica Javi Núñez, presidente do club. Os equipos abarcan todas as idades, desde os xuvenís, de 16 anos, ata veteranos que roldan os 40.

A estrutura económica do club baséase en gran medida no apoio de patrocinadores. Núñez explica que “ás familias lles custa facerse cargo da cota que poñen a maioría dos equipos. E nós, grazas aos patrocinadores, a empresas da zona, conseguimos reducir moitísimo esa cota”. O acceso a instalacións foi un reto desde o inicio. Ao principio era case imposible adestrar aos catro equipos, a pesar de dispoñer dun instituto e dous colexios públicos, todos eles con pavillón. “Recoñecemos que nos puxeron bastantes trabas, e a día de hoxe hai algúns que nin nos contestan, nin para eventos nin nada”, comenta Núñez. Porén, con perseveranza, o IES Leiras Pulpeiro abriu as súas portas, e cando se creou o equipo feminino, o club

puido adestrar na Piringalla. Hoxe en día, o masculino adestra en Leiras Pulpeiro e o feminino na Piringalla. Así, agora a partir de setembro, o Leiras Pulpeiro concederalle tres días á semana unha hora e media por día, mentres que Menéndez Pelayo e Casás non responden. “Nós o que temos claro é que imos seguir traballando polos rapaces do barrio”, afirma Núñez. Este mes os veteranos de fútbol campo comezan, mentres que en outubro é a quenda de Abella A, Abella B e o novo equipo xuvenil de 16 a 18 anos. “Os rapaces están ilusionados, temos moitos nenos que queren vir a xogar ao club do seu barrio e nós queremos adestrar, pero o problema son as instalacións á hora de adestralos. Entón, estamos aí e seguimos traballando para que os nenos poidan xogar no equipo do seu barrio e darlles a oportunidade”, subliña Núñez.

Ademais, engade que “non entendemos como nun barrio como Abella, onde hai tres pavillóns, non poidamos dispoñer dun. Non é normal que adestrems na Piringalla; ao final desvinculas aos rapaces do barrio; deberían poder adestrar aquí”, engade. E iso ten outro problema, que contan cunha lista de espera de nenos de 8 a 14 anos que queren xogar, pero non hai instalacións onde poidan adestrar, polo que non se poden formar e non poden competir.

gar, pero non hai instalacións onde poidan adestrar, polo que non se poden formar e non poden competir.

‘UN NIÑO, UN BALÓN’. Entre os proxectos máis importantes do Abella FC está o evento solidario ‘Un niño, un balón’, que se celebrará o sábado 6 de setembro e que busca dedicar un día completo aos nenos do barrio.

O evento inclúe actividades como pintacaras, colchonetas, entrega de 100 camisetas e 100 balóns, ademais dunha merenda, todo totalmente gratuíto. “Aquí non hai letra pequena”, destaca Núñez. O evento contará tamén coa presenza das mascotas dos grandes equipos de Lugo, Nabic do Club Deportivo Lugo e Maximus do Club Baloncesto Breogán.

O obxectivo principal é tamén fomentar a solidariedade: “O barrio é o que é, e as familias son as que son. Hai nenos que non se poden costear competir. Se un neno quere xogar co seu compañeiro de colexio, cos amigos do parque, ou simplemente porque quere, e lles falas aos pais das cantidades, en moitos casos non se poden chegar a elas, falamos do 40-50% do salario mínimo profesional dunha familia, polo que é complicado que ese neno poida xogar. Porque



van para a mutualidade, as equipacións, a mutualidade de futbolistas, os árbitros, as augas... todo leva... empezas a sumar e iso é unha barbaridade, arredor de 350-450 euros”. A través de ‘Un niño, un balón’, o club logra reducir ou eliminar estas barreiras económicas. “Grazas a esta iniciativa, a través das empresas, reducimos as cotas ou simplemente xa non pagan absolutamente nada. Por exemplo, grazas ao evento, este ano seis adolescentes xuvenís non pagan nada”, explica Núñez.

Tras o evento, o club realiza unha avaliación económica de cada neno para determinar quen necesita apoio, asegurando que “o deporte non pode ser clasista e temos que darlles a oportunidade a todos eles de competir de igual forma que calquera outro”. Núñez engade unha reflexión persoal: “Cando eu era pequeno, vin dunha familia humilde e para poder competir nun equipo de

fútbol fíxose cargo da miña cota un párroco. Agora sinto a necesidade e a obriga de facer o mesmo por outros nenos”.

Núñez confesa o seu desexo de expansión da iniciativa: “Encantárame que ‘Un niño, un balón’ fose unha cadea, que non sexa só isto. Estaríamos encantados de doar o logotipo en calquera barrio da cidade de Lugo ou en Galicia, que se fíxese e estivese en todas partes. Pero que máis xente fíxese isto. Eu estaría superencantadísimo de colaborar en toda Galicia, oxalá”.

En canto aos proxectos de futuro, o club quere ampliar o cadro de xogadores que se poidan unir, medrando cada ano e converténdose nunha referencia deportiva na cidade de Lugo. “A nosa misión e obxectivo prioritario é darlles a estes nenos que temos na lista xa apuntados a oportunidade de xogar no equipo que queren”, conclúe Núñez.

O CB Breogán xa coñece o calendario da Liga

O CB Breogán xa ten marcado no calendario os partidos da Liga Endesa 2025/26, unha tempada que arrincará a primeira fin de semana de outubro. O equipo lucense estrearáse a domicilio fronte ao Hiopos Lleida os días 4 ou 5 de outubro e xogará o primeiro encontro no Pazo dous días unha semana máis tarde, os días 11 ou 12, contra o Valencia Basket.

Na primeira volta destacan visitas esixentes como as canchas do Barça (25-26 de outubro), do Joventut de Badalona (27-28 de decembro) ou do MoraBanc Andorra (17-18 de xaneiro), mentres que os afeccionados

breoganistas poderán gozar no Pazo de choques de gran nivel, como o Real Madrid (24-25 de xaneiro) ou o Baskonia (29 de decembro - 2 de xaneiro).

A segunda metade da liga tamén traerá partidos de máxima intensidade. O Breogán recibirá no Pazo ao Barça (7-8 de marzo), ao BAXI Manresa (28-29 de marzo) e ao Unicaja (16-17 de maio), ademais de visitar o Valencia Basket (4-5 de abril) e o Real Madrid (9-10 de maio).

O derradeiro encontro da fase regular disputarase entre o 28 e o 30 de maio en Lugo, contra o Casademont.

KARATE



O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, e a deputada de Cultura, Iria Castro, recibiron no Pazo de San Marcos á karateka Uxía Folgueira, unha das figuras máis destacadas e prometedoras do karate a nivel estatal. A deportista, formada no club Shihan, acumula un destacado palmarés en competicións estatais e na Youth League, o prestixioso circuito competitivo internacional, tanto en categorías individuais como por equipos.

A Milagrosa acollerá un torneo de xadrez

A Asociación das Festas do Barrio da Milagrosa, en colaboración coa Escola Luguesa de Xadrez, a Concellería de Deportes de Lugo, a Deputación Provincial e Deporte Galego, organiza o Torneo de Xadrez Festa da Milagrosa, que terá lugar o vindeiro 6 de setembro ás 18.00 horas na rúa Mallorca.

O torneo, de carácter gratuíto, disputarase a un ritmo de cinco minutos máis tres segundos por xogada, baixo o sistema suízo a seis roldas, o que garante que ningún participante quede eliminado e todos poidan xogar a totalidade das partidas.

A inscrición tamén será gratuíta cun límite de prazas por orde de rexistro.

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@lugoxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 56-2021

Teléfono 661 464 323

redaccion@lugoxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

Ourol: a fervenza da Xestosa

Un fermoso e potente salto de auga rodeado de vexetación e ladeiras boscosas que compoñen unha bonita estampa

A Fervenza da Xestosa, localizada no municipio de Ourol, é unha das máis bonitas da Mariña. Conta con distintos saltos, rematando nunha gran caída final de máis de 20 metros de altura, precipitando as súas caudalosas augas con grande estrondo nalgúns épocas do ano. O nome á fervenza dállo o río Xestosa tamén chamado Xanceda que baña as serras da Gañidoira e da Coriscada e que se xunta co Landro, do que é tributario, en Xerdiz.

Para chegar a esta fervenza que se atopa en terras de Ourol hai que ir pola vella estrada de Ourol a Muras, deixar o coche nunha pequena área de descanso (debaixo da ponte da estrada nova) e seguir camiñando pola estrada en dirección Ourol. Esta senda mergulla aos visitantes nun bosque se volve máis frondoso na húmida contorna do río e pronto chegamos á fervenza. A menos de 500 metros sae unha pequena senda que leva ata a fervenza que podemos

contemplan e escoitar desde distintos puntos. A auga precipitase salvando un considerable desnivel do terreo, formando a fervenza da Xestosa. O escenario é fermoso, rodeado de vexetación. Como non pode ser doutra maneira, é recomendable visitala en época de choivas, resultando especialmente fermosa na primavera, cando aínda queda moita auga e a vexetación está verde.

Despois retrocedemos costa arriba polo mesmo carreiro e a media altura tomamos outra senda que se dirixe á parte alta da fervenza. Con todo, a vexetación crecida pode impedir ver a fervenza desde arriba sen estorbos. En calquera caso, ofrécenos unha panorámica dos montes poboados de bosque.

Continuamos polo carreiro a beiras do río ata que chegamos a unha pequena presa, e despois pódese regresar ao momento de inicio.



DATOS

30 minutos

0,80 quilómetros

Dificultade fácil

NUEVA GAMA DE TRACTORES
JCB FASTRAC ICON

SOLICITAMOS UNA DEMOSTRACION

MILLARES TORRÓN SL

Ctra. de Santiago Km.3 (salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millarestorron.com - www.millarestorron.com